



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 304
6 de abril de 2022



SUMARIO

O Pleno do Parlamento, na sesión do 22 de marzo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Rexeitamento da toma en consideración

15778 (11/PPLI-000002)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para unha lei de saúde mental de Galicia

[120846](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

32129 (11/MOC-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o Plan galego de conciliación e coresponsabilidade 2018-2021 (Moción consecuencia da Interpelación nº 30681, publicada no BOPG nº 282, do 24.2.2022, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)

[120846](#)

Rexeitamento da iniciativa

32063 (11/MOC-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres (Moción consecuencia da Interpelación nº 15953, publicada no BOPG nº 140, do 19.5.2021, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)

[120847](#)

32155 (11/MOC-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o aumento das verteduras ás rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación nº 30758, publicada no BOPG núm. 282, do 24.2.2022, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)

[120847](#)



1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Propositions tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 30850 (11/PNP-002668)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas [120847](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 14760 (11/PNP-001461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a Tarxeta Básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara a outras prestacións sociais [120848](#)

I 25249 (11/PNP-002278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luís Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música [120848](#)

I 28282 (11/PNP-002482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía [120849](#)

I 31576 (11/PNP-002726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025 [120849](#)



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 32929 (11/PRE-010506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre os dereitos de conciliación do persoal ao servizo da Administración pública

[120857](#)

I 32931 (11/PRE-010507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da sentenza que declara ilegal a reclamación da renda de inclusión social de Galicia por incompatibilidade co ingreso mínimo vital

[120860](#)

I 32937 (11/PRE-010508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir que a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo vele polo interese público

[120863](#)

I 32947 (11/PRE-010509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da Consellería de Política social respecto do cobramento indebido reclamado a un perceptor da renda de inclusión social de Galicia ao que se lle concedeu o ingreso mínimo vital

[120867](#)

I 32981 (11/PRE-010510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a solución ao problema da falta de profesionais facultativos no centro de saúde de Ferreira de Pantón

[120869](#)

I 32998 (11/PRE-010511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as axudas en materia de vivenda dirixidas a vítimas de violencia machista

[120871](#)

I 33002 (11/PRE-010512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a execución do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual no ano 2021

[120874](#)



I 33016 (11/PRE-010513)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento do Plan de renovación do equipamento en mobiliario da Administración de xustiza 2019-2021 e as previsións respecto da elaboración dun novo plan 2022-2024

[120878](#)**I 33021 (11/PRE-010514)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**

Sobre os motivos polos que a oficina de información do ecobarrio na zona da Ponte, en Ourense, se encontra pechada na actualidade e as previsións do Goberno galego en relación con este proxecto

[120880](#)**I 33024 (11/PRE-010515)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto de realizar unha nova convocatoria do bono cultural

[120883](#)**I 33032 (11/PRE-010516)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto do proxecto das obras da vía Ártabra

[120885](#)**I 33052 (11/PRE-010517)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a situación dos equipos técnicos de menores

[120888](#)**I 33057 (11/PRE-010518)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 3 máis**

Sobre a situación do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional en Ourense

[120891](#)**I 33061 (11/PRE-010519)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o incremento do complemento autonómico ás pensións non contributivas e da renda de inclusión social de Galicia para afrontar a crise xerada pola suba de prezos

[120893](#)**I 33068 (11/PRE-010520)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre a discriminación que supón para o alumnado rural galego no acceso á educación superior non permitir impartir determinadas materias optativas en bacharelato, nomeadamente a materia de Francés no instituto de ensino secundario de Becerreá

[120896](#)

I 33073 (11/PRE-010521)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da conservación e protección da torre de Sande [120898](#)

I 33083 (11/PRE-010522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para recuperar a convocatoria anual das probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa [120901](#)

I 33090 (11/PRE-010523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das manifestacións da Xunta de Persoal do distrito sanitario de Ourense en relación cos motivos da folga convocada para o mes de abril [120904](#)

I 33095 (11/PRE-010524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos parques eólicos Campo das Rosas e Porto Vidos, nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada e Campo Lameiro [120906](#)

I 33112 (11/PRE-010525)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do aumento da preferencia polos seguros privados de saúde [120911](#)

I 33115 (11/PRE-010526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do informe Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos, do Observatorio da Cultura Galega, do Consello da Cultura Galega [120913](#)

I 33125 (11/PRE-010527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as opcións propostas dende a Consellería de Sanidade para evitar a situación do persoal de seguridade do hospital público de Valdeorras [120915](#)

I 33135 (11/PRE-010528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio



Sobre as previsións do Goberno galego respecto do servizo de medicina interna do hospital público de Valdeorras [120917](#)

I 33137 (11/PRE-010529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo do tellado e restauración das pinturas murais da igrexa de Santa María de Seteventos, no Saviñao [120919](#)

I 33145 (11/PRE-010530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións de Portos de Galicia respecto da construción de pantaláns flotantes no peirao de San Adrián de Cobres, no concello de Vilaboia [120921](#)

I 33150 (11/PRE-010531)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria dedicada ao bono social eléctrico [120923](#)

I 33156 (11/PRE-010532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a execución das obras de acondicionamento pendentes no antigo edificio dos xulgados da Parada, en Pontevedra [120925](#)

I 33161 (11/PRE-010533)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do traslado das dependencias do Instituto de Medicina Legal de Galicia de Pontevedra e da ampliación do seu número de profesionais [120927](#)

I 33166 (11/PRE-010534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o incremento cun facultativo do servizo de urxencias do concello da Veiga [120930](#)

I 33171 (11/PRE-010535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das obras nas instalacións do instituto de ensino secundario As Mariñas, de Betanzos [120932](#)



I 33187 (11/PRE-010536)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da atención primaria no concello de Rianxo

[120934](#)**I 33193 (11/PRE-010537)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o control na adxudicación de contratos administrativos ao Grupo Eulen

[120938](#)**I 33200 (11/PRE-010538)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre os motivos para non completar a reforma integral do centro de educación infantil e primaria Francisco Vales Villamarín, en Betanzos

[120942](#)**I 33206 (11/PRE-010539)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para negociar as demandas do persoal do centro hospitalario universitario de Ourense

[120944](#)**I 33223 (11/PRE-010540)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción no exercicio 2022 dos custos de mantemento dos centros de atención primaria que soportan os concellos

[120948](#)**I 33232 (11/PRE-010541)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego do Anteproxecto de lei de mobilidade sostible

[120949](#)**I 33233 (11/PRE-010542)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre o uso do herbicida glifosato

[120954](#)**I 33241 (11/PRE-010543)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as previsións do Goberno galego de destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfire o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

[120957](#)

I 33248 (11/PRE-010544)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para adquirir a obra A Santa, do escultor Francisco Asorey

[120959](#)

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**1.5.4. De ámbito europeo****1.5.4.1. Unión Europea**

I Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica as directivas 2005/29/CE e 2011/83/UE no que respecta ao apoderamento dos consumidores para a transición ecolóxica mediante unha mellor protección contra as prácticas desleais e unha mellor información (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 143 final] [COM(2022) 143 final anexo] [2022/0092 (COD)] { SEC(2022) 166 final} {SWD(2022) 85 final} {SWD(2022) 86 final}

- 11/UECS-000178 (33296) Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica as directivas 2005/29/CE e 2011/83/UE no que respecta ao apoderamento dos consumidores para a transición ecolóxica mediante unha mellor protección contra as prácticas desleais e unha mellor información (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 143 final] [COM(2022) 143 final anexo] [2022/0092 (COD)] { SEC(2022) 166 final} {SWD(2022) 85 final} {SWD(2022) 86 final}

[120963](#)

I Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1303/2013 e (UE) nº 223/2014 no que incumbe ao aumento do prefinanciamento procedente dos recursos REACT-UE [COM(2022) 145 final] [2022/0096 (COD)]

- 11/UECS-000179 (33307) Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1303/2013 e (UE) n.º 223/2014 no que incumbe ao aumento do prefinanciamento procedente dos recursos REACT-UE [COM(2022) 145 final] [2022/0096 (COD)]

[121006](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 22 de marzo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Rexeitamento da toma en consideración

- 15778 (11/PPLI-000002)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para unha lei de saúde mental de Galicia

BOPG nº 144, do 26.05.2021

Sométese a votación e obtense o resultado de 19 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 32129 (11/MOC-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 (Moción consecuencia da Interpelación nº 30681, publicada no BOPG nº 282, do 24.2.2022, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)

BOPG nº 292, do 16.03.2022

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano, a avaliación do I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, xunto ao Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

2º. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano, o II Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2022-2025, que, coa corresponsabilidade como reto prioritario, recolla xa accións concretas e orzadas que se van desenvolver nos eidos sanitario, educativo, social etc.



3º. Realizar un estudo exhaustivo en colaboración coas universidades galegas sobre corresponsabilidade en Galicia, con datos sobre repartición dos tempos e de distribución de tarefas domésticas e dos coidados entre mulleres e homes, así como da percepción social que existe sobre esta materia.

4º. Diseñar unha campaña de sensibilización e concienciación no ámbito da corresponsabilidade familiar, promovendo a participación dos homes como referentes necesarios na coeducación e nos coidados no ámbito das familias.»

Rexeitamento da iniciativa

- 32063 (11/MOC-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres (Moción consecuencia da Interpelación nº 15953, publicada no BOPG nº 140, do 19.5.2021, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)

BOPG nº 292, do 16.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 32155 (11/MOC-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o aumento das verteduras ás rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación nº 30758, publicada no BOPG núm. 282, do 24.2.2022, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)

BOPG nº 292, do 16.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 30850 (11/PNP-002668)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas

BOPG nº 281, do 23.02.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 42 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Manter e ampliar as medidas de apoio e estímulo económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas, que contribúan á viabilidade e consolidación dos seus proxectos e actividade económica.

2º. Dirixirse ao Goberno de España para que:

a) Paralice a reforma do sistema de cotizacións dos autónomos, como mínimo, ata que a situación económica se estabilice.

b) Garanta que calquera reforma do sistema de cotizacións do réxime especial de traballadores autónomos (RETA) deba realizarse:

— Por consenso, con grupos políticos e representantes dos colectivos de autónomos.

— Acompañada de medidas adicionais tendentes a igualar dereitos, garantías e seguridade co resto de persoas traballadoras por conta allea, tales como ampliación do cesamento de actividade, adecuación de cotizacións a situacións como a vivida pola covid-19 (a ingresos 0, cota 0), nova redución da tarifa plana e ampliación desta para os supostos de incorporación tras maternidade e paternidade, medidas de conciliación, etc.

c) Emprenda un modelo de reformas que beneficien os autónomos en materia fiscal, de impulso e simplificación administrativa, como o que levou a cabo a Comunidade Autónoma de Galicia, que deu bos resultados.

d) Adopte medidas efectivas que abaraten os custos impositivos relacionados cos prezos da enerxía e dos carburantes, como factores decisivos na competitividade da economía do colectivo de autónomos.»

Rexeitamento da iniciativa

- 14760 (11/PNP-001461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a Tarxeta Básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara a outras prestacións sociais
BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

- 25249 (11/PNP-002278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música
BOPG nº 236, do 01.12.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

- 28282 (11/PNP-002482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía

BOPG nº 264, do 26.01.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

- 31576 (11/PNP-002726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025

BOPG nº 289, do 09.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de abril de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 32929 (11/PRE-010506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre os dereitos de conciliación do persoal ao servizo da Administración pública

- 32931 (11/PRE-010507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da sentenza que declara ilegal a reclamación da renda de inclusión social de Galicia por incompatibilidade co ingreso mínimo vital



- 32937 (11/PRE-010508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir que a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo vele polo interese público

- 32947 (11/PRE-010509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da Consellería de Política social respecto do cobramento indebido reclamado a un perceptor da renda de inclusión social de Galicia ao que se lle concedeu o ingreso mínimo vital

- 32981 (11/PRE-010510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a solución ao problema da falta de profesionais facultativos no centro de saúde de Ferreira de Pantón

- 32998 (11/PRE-010511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as axudas en materia de vivenda dirixidas a vítimas de violencia machista

- 33002 (11/PRE-010512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a execución do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual no ano 2021

- 33016 (11/PRE-010513)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento do Plan de renovación do equipamento en mobiliario da Administración de xustiza 2019-2021 e as previsións respecto da elaboración dun novo plan 2022-2024

- 33021 (11/PRE-010514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre os motivos polos que a oficina de información do ecobarrio na zona da Ponte, en Ourense, se encontra pechada na actualidade e as previsións do Goberno galego en relación con este proxecto

- 33024 (11/PRE-010515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto de realizar unha nova convocatoria do bono cultural



- 33032 (11/PRE-010516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto do proxecto das obras da vía Ártabra

- 33052 (11/PRE-010517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a situación dos equipos técnicos de menores

- 33057 (11/PRE-010518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre a situación do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional en Ourense

- 33061 (11/PRE-010519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o incremento do complemento autonómico ás pensións non contributivas e da renda de inclusión social de Galicia para enfrontar a crise xerada pola suba de prezos

- 33068 (11/PRE-010520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a discriminación que supón para o alumnado rural galego no acceso á educación superior non permitir impartir determinadas materias optativas en bacharelato, nomeadamente a materia de Francés no instituto de ensino secundario de Becerreá

- 33073 (11/PRE-010521)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da conservación e protección da torre de Sande

- 33083 (11/PRE-010522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para recuperar a convocatoria anual das probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa

- 33090 (11/PRE-010523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das manifestacións da Xunta de Persoal do distrito sanitario de Ourense en relación cos motivos da folga convocada para o mes de abril



- 33095 (11/PRE-010524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos parques eólicos Campo das Rosas e Porto Vindros, nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada e Campo Lameiro

- 33112 (11/PRE-010525)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do aumento da preferencia polos seguros privados de saúde

- 33115 (11/PRE-010526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do informe Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos, do Observatorio da Cultura Galega, do Consello da Cultura Galega

- 33125 (11/PRE-010527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as opcións propostas dende a Consellería de Sanidade para evitar a situación do persoal de seguridade do hospital público de Valdeorras

- 33135 (11/PRE-010528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do servizo de medicina interna do hospital público de Valdeorras

- 33137 (11/PRE-010529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo do tellado e restauración das pinturas murais da igrexa de Santa María de Seteventos, no Saviñao

- 33145 (11/PRE-010530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións de Portos de Galicia respecto da construción de pantaláns flotantes no peirao de San Adrián de Cobres, no concello de Vilaboa

- 33150 (11/PRE-010531)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria dedicada ao bono social eléctrico



- 33156 (11/PRE-010532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a execución das obras de acondicionamento pendentes no antigo edificio dos xulgados da Parda, en Pontevedra

- 33161 (11/PRE-010533)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do traslado das dependencias do Instituto de Medicina Legal de Galicia de Pontevedra e da ampliación do seu número de profesionais

- 33166 (11/PRE-010534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o incremento cun facultativo do servizo de urxencias do concello da Veiga

- 33171 (11/PRE-010535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das obras nas instalacións do instituto de ensino secundario As Mariñas, de Betanzos

- 33187 (11/PRE-010536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da atención primaria no concello de Rianxo

- 33193 (11/PRE-010537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o control na adxudicación de contratos administrativos ao Grupo Eulen

- 33200 (11/PRE-010538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os motivos para non completar a reforma integral do centro de educación infantil e primaria Francisco Vales Villamarín, en Betanzos

- 33206 (11/PRE-010539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para negociar as demandas do persoal do centro hospitalario universitario de Ourense



- 33223 (11/PRE-010540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción no exercicio 2022 dos custos de mantemento dos centros de atención primaria que soportan os concellos

- 33232 (11/PRE-010541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do Anteproxecto de lei de mobilidade sostible

- 33233 (11/PRE-010542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o uso do herbicida glifosato

- 33241 (11/PRE-010543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego de destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfire o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

- 33248 (11/PRE-010544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para adquirir a obra A Santa, do escultor Francisco Asorey

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica as directivas 2005/29/CE e 2011/83/UE no que respecta ao apoderamento dos consumidores para a transición ecolóxica mediante unha mellor protección contra as prácticas desleais e unha mellor información (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 143 final] [COM(2022) 143 final anexo] [2022/0092 (COD)] { SEC(2022) 166 final} {SWD(2022) 85 final} {SWD(2022) 86 final}

- 11/UECS-000178 (33296) Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica as directivas 2005/29/CE e 2011/83/UE no que



respecta ao apoderamento dos consumidores para a transición ecolóxica mediante unha mellor protección contra as prácticas desleais e unha mellor información (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 143 final] [COM(2022) 143 final anexo] [2022/0092 (COD)] { SEC(2022) 166 final} {SWD(2022) 85 final} {SWD(2022) 86 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 33296, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica as directivas 2005/29/CE e 2011/83/UE no que respecta ao apoderamento dos consumidores para a transición ecolóxica mediante unha mellor protección contra as prácticas desleais e unha mellor información (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 143 final] [COM(2022) 143 final anexo] [2022/0092 (COD)] { SEC(2022) 166 final} {SWD(2022) 85 final} {SWD(2022) 86 final}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 4 de abril de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1303/2013 e (UE) nº 223/2014 no que incumbe ao aumento do prefinanciamento procedente dos recursos REACT-UE [COM(2022) 145 final] [2022/0096 (COD)]

- 11/UECS-000179 (33307) Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1303/2013 e (UE)



n.º 223/2014 no que incumbe ao aumento do prefinanciamento procedente dos recursos REACT-UE [COM(2022) 145 final] [2022/0096 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 33307, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1303/2013 e (UE) nº 223/2014 no que incumbe ao aumento da prefinanciación procedente dos recursos REACT-UE [COM(2022) 145 final] [2022/0096 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as condenas xudiciais á Xunta de Galiza por negar os dereitos de conciliación a traballadoras públicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos foron múltiples as denuncias de traballadoras públicas pola negativa do Goberno galego a recoñecerlles o seu dereito a conciliar e tamén as sentenzas condenatorias contra a administración.

Por citar apenas algunhas sentenzas recentes a modo de exemplo:

Marzo de 2019. A xustiza condena o Consorcio Galego da Igualdade e Benestar por denegar, sen motivación xustificada e de maneira discrecional, un permiso de conciliación familiar e laboral a unha traballadora que o solicitara para atender o seu pequeno enfermo. A decisión xudicial produciuse no xulgado do Social número tres de Ourense.

Xullo de 2021. O TSXG avalou unha sentenza previa dun xulgado do social que recoñeceu a un bombeiro forestal o dereito a adaptar o seu horario laboral por conciliación familiar para atender dunha filla. A súa petición á Consellería do Medio Rural foi rexeitada fóra do prazo legal que ten a administración para contestar e “de forma xenérica”, sen sequera abrir unha negociación como esixe a lei.

Febreiro de 2022. Un xulgado de Lugo condena a Xunta por negar o dereito de conciliación dunha traballadora auxiliar de enfermaría nun centro dependente da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellaría de Política Social. A sentenza obriga a Xunta a adaptar os horarios da súa traballadora e a concederlle unha indemnización polo dano moral que sufriu.

A Xunta de Galiza debера ser exemplar na promoción da igualdade real entre mulleres e homes así como na garantía dos dereitos fundamentais do cadro de persoal, entre eles os dereitos de conciliación.

Porén, lonxe diso, a Xunta é exemplo de todo o contrario como demostra o seu incumprimento reiterado da lexislación vixente ao non contar cun Plan de igualdade tal e como esixe a Lei 2/2007 de traballo en igualdade (artigo 11).

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas sentenzas condenatorias tivo a Xunta de Galiza por incumprir os dereitos de conciliación do persoal público nos últimos dez anos? E nos últimos cinco?
- Cantas en cada unha das consellarías?
- Por que vulnera os dereitos de conciliación das traballadoras e traballadores públicos o Goberno galego?
- Cando vai aprobar a Xunta de Galiza o seu Plan de igualdade tal e como lle esixe a lexislación en vigor?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2022 19:14:06

María Montserrat Prado Cores na data 24/03/2022 19:14:14

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2022 19:14:23

Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2022 19:14:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a reclamación da RISGA a persoas beneficiarias do IMV e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incompatibilidade da RISGA e o IMV supuxo un enorme prexuízo ás persoas beneficiarias da prestación galega cando a Xunta de Galiza procedeu a reclamar as contías recibidas no momento en que o Goberno español lles recoñeceu o dereito ao Ingreso Mínimo Vital con carácter retroactivo (desde a data da súa solicitude).

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego reclamámoslle á Xunta de Galiza en numerosas ocasións que deixase sen efecto esas reclamacións toda vez que as persoas usuarias non eran responsábeis do acontecido.

Recentemente un xulgado de Vigo vén de declarar ilegal a reclamación por parte da Xunta de 4.538,68 euros a unha das persoas prexudicadas por esta situación sinalando no fallo (ao que non cabe recurso) que:

- A Xunta de Galiza omitiu no procedemento administrativo de revisión da RISGA a audiencia da persoa interesada. Cuestión que o tribunal deixa á marxe aínda que afea o proceder.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non existiu intención defraudatoria por parte da persoa beneficiaria da RISGA. De feito sinala “o demandante non ocultou nin falseou ningún dato, non incumpriu as súas obrigas en relación á percepción da RISGA”.

- Vinculado ao anterior, o tribunal sinala que “cando por causas non imputables á persoa beneficiaria se perciban cantidades ás que non se tivese dereito, aplicárase a compensación como procedemento ordinario de regularización”.

Por esa razón declara ilegal a obriga de dereito e deixa sen efecto a reclamación.

Esta decisión xudicial debe facer reflexionar á Xunta de Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da sentenza que declara ilegal a reclamación da RISGA por incompatibilidade co IMV?

. Cantas persoas se viron afectadas por esta incompatibilidade? Cantas puideron acollerse ás bonificacións dirixidas a fogares con menores a cargo? Cantas, polo tanto, se viron obrigadas a devolver todo o diñeiro percibido?

. Cantas persoas puideron pagar o diñeiro adebedado?

. Pensa adoptar algunha medida ao respecto logo da sentenza?

. Cando vai presentar a proposta de reforma da Lei de inclusión social de Galiza para pór fin a esta incompatibilidade entre a RISGA e o IMV que está a prexudicar á cidadanía galega máis vulnerábel?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2022 09:53:31

Iria Carreira Pazos na data 25/03/2022 09:53:35

Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2022 09:53:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para garantir que a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo vele polo interese público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vén de substituír, mediante modificación normativa, o órgano consultivo en materia de planificación territorial e urbanística. Até o de agora estas funcións era atribuídas á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, que pasan agora a ser reemprazadas pola Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Este novo órgano fica regulado mediante o DECRETO 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Este regulamento establece a integración do anterior órgano consultivo no novo e, ademais, aproveita para establecer un novo réxime de organización e funcionamento, tanto do propio órgano como da estrutura orgánica da Consellería, que modifica aspectos importantes.

No tocante aos cambios nas funcións e estrutura da Consellería, o nomeado decreto establece a creación dunha nova Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo baixo a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Esta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modificación na práctica eleva á categoría de subdirección o servizo xurídico-administrativo.

No tocante aos cambios no funcionamento interno do novo órgano consultivo destaca a modificación da composición do órgano. O anterior ente contemplaba a presenza de, para alén dos representantes de todas as direccións xerais con efectos sobre esas materias e os representantes dos concellos e das deputacións, a reserva de catro vogais de libre designación entre persoas de acreditada experiencia nestas materias. Porén, no novo ente elimínase este tipo de representación. Resulta rechamante que un órgano de carácter consultivo que procura obter unha visión especializada e profunda sobre os temas prescinda deste tipo de perfís profesionais.

Aínda máis rechamante e grave é a incorporación dentro deste órgano consultivo de dous vogais que representen a organizacións empresariais de sectores especialmente relacionados coa ordenación do territorio e o urbanismo. É dicir, que se poderán reservar dúas cadeiras para a patronal da construción e do sector inmobiliario, ao tempo que se elimina a representación de expertos con reputada experiencia do órgano consultivo.

Desta forma fica evidente que o interese da Xunta, con este cambio, consiste en outorgarlle aínda maior peso na política de planificación territorial e urbana a determinados intereses privados en detrimento do interese público.

A incorporación destes axentes privados nun órgano que debe interpretar as leis públicas, non se contrarresta coa participación de entidades que velen polo interese público e de entidades con acreditada reputación no campo da ordenación do territorio e o urbanismo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco é comprensible que se priorice a entrada de determinados intereses de parte que supoñen un conflito evidente co interese público e se deixe de lado a participación das universidades galegas que son un importante motor de creación de coñecemento nestas áreas.

En definitiva, non se trata só dunha perda do interese público fronte ao privado, senón que ademais a representación de intereses privados fica restrinxido ás patronais de determinadas empresas. Son estes intereses privados, moi concretos, os que se encargarán de interpretar as leis públicas. Sen dúbida, unha nova involución máis que o PP perpetra ao marco normativo galego en materia de planificación territorial e urbana, para pola ao servizo dos intereses dunhas poucas empresas por riba do interese xeral dos galegos e as galegas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Ten intención a Xunta de Galiza de dar entrada no novo órgano consultivo á patronal da construción e a patronal inmobiliaria?
- . Considera a Xunta de Galiza que pode existir un conflito de intereses cando estes axentes interpreten as leis públicas?
- . Como garante a Xunta de Galiza que non exista conflito de intereses?
- . Cales son os motivos para eliminar os postos reservados para especialistas de acreditada reputación e experiencia?
- . Porque a Xunta non incorpora profesionais das universidades galegas?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Porque a Xunta non incorpora unha representación de colectivos e entidades sen ánimo de lucro cunha acreditada reputación e experiencia na defensa do interese público no campo da planificación territorial e urbanística?

. Non considera necesario a Xunta de Galiza a inclusión de profesionais que acreditan unha reputación na materia e na súa defensa do interese público?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/03/2022 10:17:28

Xosé Luis Bará Torres na data 25/03/2022 10:17:37



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O mesmo ano no que o Goberno de España creaba o IMV, prestación concibida para ser compatible coas rendas mínimas de inclusión do conxunto das comunidades autónomas do país, advertimos á Consellería de Política Social que a RISGA era incompatible debido á Lei de inclusión de Galicia de 2013, que é incompatible con outras prestacións similares.

Ese mesmo ano, o 2020, en medio da pandemia motivada pola Covid, e coa crise socio-económica derivada da mesma, dende a consellería publicamente afirmaban que cambiarían a Lei de inclusión para facer compatible a RISGA co IMV tal e como solicitamos dende o grupo parlamentario socialista.

Sen embargo tras dous anos o problema continúa, e a Xunta de Galicia non fixo o traballo coa dilixencia e a inmediatez que require unha situación de pandemia seguida dunha crise motivada pola guerra de Rusia contra Ucraína. E non só non fixeron compatible a RISGA co IMV en dous anos, senón que teñen previsto eliminar a prestación da Tarxeta Básica en xuño deste mesmo ano.

Sen ter resolto a incompatibilidade e conscientes de que moitos usuarios/as da RISGA solicitarían o IMV, a Xunta de Galicia reclamou como cobro indebido a todas as que se lles concedeu o IMV

Un xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo estableceu nunha sentenza que anula a reclamación que a Consellería de Política Social fixo a un usuario para que lle devolvera 4.500 euros da Risga tras ter concedido o IMV. Segundo a sentenza, a devolución do xa cobrado, segundo a Lei de inclusión, só pode solicitarse se houbo fraude ou ocultación, e neste caso o perceptor deu aviso á súa traballadora social de referencia que se lle concedera o IMV. Polo tanto enténdese dende dita sentenza que, dende a Consellería só poden compensar a diferenza en futuras prestacións.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



- 1.^a) Que valoración fai a Consellería de Política Social respecto da sentenza que anula o cobro indebido reclamado pola Xunta a un perceptor da Risga ao que se lle concedeu o IMV?
- 2.^a) En base a dita sentenza, que medidas ten pensado tomar a Consellería de Política Social ao respecto para resarcir o dano?
- 3.^a) Cal é o motivo de que a Consellería de Política Social non teña modificado aínda a Lei de inclusión para facer compatible a Risga co IMV tendo en conta a situación de crise económica e social?

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 25/03/2022 17:41:41

Julio Torrado Quintela na data 25/03/2022 17:41:53



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da Atención Primaria ofrecida polo Sergas no concello lucense de Ferreira de Pantón aproxímase a un exemplo paradigmático de xestión caótica e de desprezo aos veciños e veciñas da localidade.

A perda continuada de capacidade asistencial do centro de saúde durante os últimos tempos, con tres cupos de medicina de familia que non están sendo cubertos de maneira completa, provoca a concentración de pacientes nos profesionais que están desenvolvendo o seu labor, ás veces dous ou moitas veces incluso un só, que vén incrementada a demanda ata volumes elevados que impiden exercer o labor con toda a capacidade que deberían poder.

Esta saturación, sendo reclamada polo Grupo Socialista tanto no propio Pleno municipal como a través de iniciativas parlamentarias, foi anunciada para ser resolta polo propio Sergas, que comprometeu a cobertura completa das tres prazas xa dende hai algúns meses.

A situación, non en tanto, segue a ser a habitual, con dous profesionais cubrindo tres cupos e, nalgúns ocasións, só un deles facéndose cargo. Con este escenario segue existindo un claro malestar cidadán, que dende a alcaldía desta poboación non está sendo transmitida e reivindicada con claridade ante o Sergas.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia comprometeu a solución ao problema da falta de profesionais facultativos no centro de saúde de Ferreira de Pantón pero non da cumprido o seu compromiso?



2. Ten constancia o Sergas das reivindicacións de veciños e veciñas de Ferreira de Pantón sobre os problemas referidos no centro de saúde a través dalgunha xuntanza ou comunicación remitida dende a Alcaldía deste municipio? De ser así, que resposta foi emitida polo propio Sergas?
3. Cando pode comprometer o Sergas cubrir de maneira continuada e permanente os tres cupos de profesional facultativo de medicina familiar e comunitaria para o centro de saúde de Ferreira de Pantón?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2022 11:51:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/03/2022 11:51:20

Patricia Otero Rodríguez na data 28/03/2022 11:51:29

Marina Ortega Otero na data 28/03/2022 11:51:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas en materia de vivenda dirixidas a vítimas de violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mulleres en situación de violencia machista en Galiza poden acollerse a dúas axudas en materia de vivenda.

Dunha banda, aquelas que estiveron nun centro de acollemento poden solicitar as axudas do Programa bono de alugueiro social, unha convocatoria de carácter xeral cuxa resolución foi aprobada, por última vez, o 22 de decembro de 2020. Polo tanto o prazo de novas solicitudes rematou o 10 de decembro de 2021. A convocatoria correspondente ao exercicio en curso pode ser solicitada desde o 3 de xaneiro até o 31 de maio.

Esta axuda limítase, no caso de mulleres en situación de violencia machista, a un grupo moi reducido delas pois a maior parte non pasan por centros de acollemento.

Doutra banda, existe unha liña de axudas con cargo aos orzamentos do Pacto de Estado contra a violencia machista. Trátase de subvencións do Programa de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para vítimas de violencia machista mais non se convocaron aínda as correspondentes a 2022 polo que:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Desde o día 10 de decembro de 2021 non se poden incorporar novas mulleres ao programa.

b) As mulleres que estaban en prazo para formular unha solicitude de prórroga durante os meses de xaneiro , febreiro e marzo deste ano están sen resolver e as mensualidades sen abonar aos propietarios das vivendas. Esta situación está a xerar moito malestar nas propias beneficiarias e nos mesmos propietarios que mesmo ameazan con iniciar expedientes de desafiuzamento.

c) Tampouco se están a prorrogar as axudas directas ás beneficiarias que renovaron no último trimestre de 2021. Só lles abonan o 75% da contía do aluguer aos propietarios mais non o 25% que se concede ás arrendatarias que deben enfrontar o pagamento si ou si, independentemente da súa situación económica.

Non é a primeira vez que se producen situacións destas características en materia de vivenda nin afectan só a vítimas de violencia machista pois, por exemplo, a convocatoria xeral de axudas de aluguer para menores de 35 anos aínda non foi convocada.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É consciente a Xunta de Galiza dos problemas e prexuízos que está a ocasionar ás mulleres en situación de violencia machista pola súa incompetencia en materia de vivenda?

. Cando vai convocar as axudas e que medidas vai adoptar para impedir que esta situación se poida volver repetir?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2022 13:45:05

Iria Carreira Pazos na data 28/03/2022 13:45:16

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2022 13:45:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a execución do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual no ano 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual no ano 2021, forma parte do paquete de subvencións do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Mais correspóndelle á Xunta de Galiza, no marco das súas competencias, establecer as bases reguladoras da subvención, así como concretar o prazo e forma de presentación de solicitudes, a publicidade das axudas e a tramitación e concesión das axudas.

Segundo os datos publicados na RESOLUCIÓN do 11 de marzo de 2022 pola que se dá publicidade da relación das persoas beneficiarias do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual no ano 2021, os resultados da convocatoria destas axudas non foron satisfactorios. A axuda partía dun orzamento inicial de apenas 2.000.000€. Mais só se concederon axudas por un total de 1.471.154,89 €. Quedando, así, máis da cuarta parte do orzamento sen adxudicar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En total a axuda apenas chegou a 650 persoas beneficiarias. Esta cifra parece escasa tendo en conta que as persoas destinatarias destas axudas eran todas as persoas maiores de idade que estivesen nunha situación de vulnerabilidade económica e social como consecuencia da COVID- 19. O número de persoas que se atoparon no 2021 nesta situación con toda seguridade foi maior, o que leva a pensar que houbo algún elemento que dificultou que as axudas chegaran a quen o necesitaba. Entre estes factores destacan os criterios marcados para demostrar a situación de vulnerabilidade e poder optar á axuda, a falta de publicidade e problemas na tramitación.

Á luz dos resultados que evidencian que parte do orzamento ficou sen executar, cómpre que a Xunta de Galiza dea as explicacións oportunas e corrixa os elementos que fallaron de cara a outras convocatorias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o feito de que unha cuarta parte do orzamento para estas axudas ficase sen adxudicar?
- Cal foi o motivo de que non se concedese o total do crédito previsto?
- Cal foi o destino final do crédito non orzamentado?
- Cal foi o número total de solicitudes rexistrada?
- Cal foi o número total de solicitudes denegadas por incumprimento dos requisitos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera que os criterios marcados nas bases reguladoras limitaron en exceso os posibles beneficiarios?
- Considera que se lle deu a publicidade suficiente a estas axudas?
- Existiu algún problema na tramitación que xustifique os malos resultados?
- Que cuestións considera a Xunta de Galiza que deberon facerse diferente para lograr que as subvencións chegasen a máis xente?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/03/2022 13:54:08

Paulo Ríos Santomé na data 28/03/2022 13:54:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2022 13:54:20



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O goberno da Xunta de Galicia aprobou no ano 2019 o Plan de renovación do equipamento en mobiliario da Administración de Xustiza 2019-2021.

Dende o ano 2002, a Dirección Xeral de Xustiza estandarizou uns modelos de equipamento mobiliario tipo, que se subministran a todos os órganos e servizos.

Este subministro, que se realiza a través dos correspondentes procedementos abertos de contratación baixo a modalidade de subministro sucesivo por prezos unitarios, establece máis de 100 artigos, se ben o núcleo fundamental está constituído polo mobiliario básico dos despachos (maxistrados, xuíces, fiscais e letrados da Administración de Xustiza), das salas de vistas, das oficinas e dos arquivos xudiciais.

O investimento previsto neste Plan trianual era de 4.718.937,38 €, repartido da seguinte forma:

- No 2019: 2.056.291,8 €
- No 2020: 1.330.283,3 €
- No2021: 1.332.362,28 €

A realidade é que este investimento, que suporía unha modernización e dignificación do espazo de traballo dos profesionais da Xustiza, non chegou a executarse.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia correspondentes aos anos de aplicación do plan estableceuse na partida dedicada a adquisición de mobiliario para a administración de Xustiza unha partida de contía similar ás anteriormente sinaladas pero o grado execución queda moi lonxe do seu cumprimento.



Así no ano 2019 executouse só un 9 %; no ano 2020 executouse o 100 %; e no ano 2021 tendo en conta os datos do terceiro trimestre que son os últimos publicados, unicamente se executou o 7,38 %.

Moitas das sedes xudiciais do noso país contan cun mobiliario vello e escaso, e común observar expedientes apilados polo chan por falla de andeis, mesas antigas ou cadeiras e cadeiras de brazos das oficinas ou salas de agarda moi deterioradas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos a falla de cumprimento deste plan a pesar da necesidade destes investimentos, e esiximos ao goberno da Xunta de Galicia que cumpra os seus compromisos e leve a cabo a renovación do mobiliario nos termos previstos neste plan.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia do grado de cumprimento do Plan de renovación do equipamento en mobiliario da Administración de Xustiza 2019-2021?
2. Como xustifica que no terceiro trimestre do ano 2021 se executara só un 7,38 % da partida orzamentaria dedicada a adquisición de mobiliario nas sedes xudiciais?
3. Ten previsto o goberno da Xunta elaborar un novo Plan 2022-2024?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/03/2022 16:21:07

Pablo Arangüena Fernández na data 28/03/2022 16:21:14



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta escrita**.

Foi en marzo do ano 2018 cando foi presentado o proxecto Ecobarrio no salón de Plenos do Concello de Ourense de Galicia. Anunciaba daquela o presidente da Xunta de Galicia, xunto co alcalde, Jesús Vázquez, o conselleiro de Economía e a delegada territorial da Xunta de Galicia entre outros que o Proxecto Ecobarrio convertería a Ourense na primeira cidade de Europa en utilizar Xeotermia, que contaría cunha inversión de 20 millóns de euros e unha previsión de crear 300 postos de traballo, na súa primeira fase, xerando calefacción e auga quente para 31 edificios públicos e 18 vivendas privadas.

Manifestaba o presidente en declaracións os medios de comunicación que consistía nunha aposta polas enerxías renovables, cun proxecto de “futuro, pioneiro e estratéxico”, cunha actuación prevista no barrio da Ponte, que pasaría a converterse nun Ecobarrio, cos aproveitamentos dos recursos existentes no subsolo.

Resaltando que este proxecto suporía para Ourense que esta se convertera na primeira cidade Europea en utilizar este tipo de enerxía, e referencia na loita contra o cambio climático, aproveitando para elo “o gran potencial con que conta. A xeotermia que nos está esperando”. Ademais durante a presentación do proxecto, na que tamén participou o entón Comisario polo clima e enerxía da Comisión Europea, o presidente da Xunta de Galicia destacou que, na súa primeira fase, levara consigo unha inversión de 20 millóns de euros e a estimación de crear uns 300 postos de traballo.

En xuño de 2018 faise pública polo Goberno galego a aprobación do protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, así coma o Adif para a execución de proxecto “Ecobarrio”.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 consignáronse para este proxecto 2,4 millos de euros e nos do ano 2020, 741.000 euros.



En maio do 2019 o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria anunciaba que acaba de dar un importante paso co fin de desbloquear unha das pezas do “Ecobarrio” da Ponte adxudicando a implantación dunha oficina destinada a proporcionar información as persoas interesadas, comunidades de propietarios/as e usuarios/as de edificios públicos, como punto de información de referencia para interesarse polas axudas e outras actuacións que se levaran a cabo, destinando a tal fin a Xunta de Galicia 467.907 euros, o que segundo afirmaron, permitiría tela aberta ata o 31 de decembro de 2021.

Na actualidade esta oficina permanece pechada dende fai máis dun ano o remate das obras de acondicionamento do local e dos 20 millóns de euros anunciados so nos consta unha execución de 695.856 euros.

No mes de novembro de 2020, o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba iniciativas co fin de urxir a execución definitiva do proxecto Ecobarrio en Ourense sendo a resposta nas comisións 3ª e 6ª que a Xunta de Galicia mantiña o compromiso, alegando demoras pola situación xerada pola Covid e a excesiva burocracia dos proxectos.

Nos orzamentos para o ano 2022, só se consigna pola Xunta de Galicia unha partida na Axencia do Instituto Enerxético de 175.500 euros. En tempo e forma o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda por importe de 2.000.000 de euros na partida correspondente ao Igape, que foi rexeitada polo Goberno autonómico.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a oficina de información “Ecobarrio” na zona da Ponte en Ourense se encontra pechada na actualidade?
2. Pensa o Goberno galego proceder a apertura da oficina do Ecobarrio da Ponte?
3. Que valoración fai o Goberno galego de que o presidente da Xunta de Galicia anunciara en marzo de 2018, unha inversión de 20 millóns de euros para o proxecto “Ecobarrio” da Ponte en Ourense e só alcanzara a data de hoxe dunha execución de 695.856 euros?



4. E por que só se presupostaron para este ano 2022 a contía de 175.000 euros na partida correspondente a Axencia do Instituto Enerxético?
5. Que actuacións ten previstas o Goberno galego en relación co proxecto “Ecobarrio” para Ourense?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Gonzalo Caballero Míguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/03/2022 16:26:22

Marina Ortega Otero na data 28/03/2022 16:26:30

Juan Carlos Francisco Rivera na data 28/03/2022 16:26:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2022 16:26:50

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/03/2022 16:27:00



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Xunta de Galicia lanzaba no ano 2021 un Bono Cultural para subvencionar a compra de produtos culturais dende o 1 de novembro ata o 31 de decembro. Cada bono tivo a consideración de desconto do 50 % da compra realizada ata un máximo de 50 euros.

O obxectivo principal era incentivar a demanda cultural, axudando economicamente as persoas consumidoras, e fomentar o consumo, ademais de tentar fortalecer o sector, dinamizar a actividade dos establecementos culturais e reducir o impacto económico derivado do cesamento e das restricións da actividade de determinados establecementos como consecuencia da situación ocasionada pola covid-19

A convocatoria explicaba o tipo de produto que se podía adquirir/consumir (música gravada en formato CD, vinilo, etc.; material audiovisual en formato físico; libros; videoxogos; entradas para salas de cine, para concertos de música e para espectáculos escénicos; entradas para calquera tipo de institución cultural ...) así como as súas exclusións (produtos de papelería; equipamentos, software e consumibles de informática e electrónica; xogos de calquera tipo e libros de texto para o ámbito educativo non universitario), e mantiña 17 grupos e epígrafes do IAE nos que tiñan que estar rexistrados os establecementos adheridos á campaña.

Nas bases da convocatoria explicitábase que a Secretaría Xeral de Cultura, como responsable do programa, podería realizar de maneira aleatoria actuacións de comprobación e inspección para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa Bono Cultural.

Se ben ao Grupo Socialista calquera tipo de iniciativa de fomento do consumo cultural nos parece oportuna, se consideramos que logo da primeira experiencia debería existir unha rigorosa avaliación dos efectos que tivo sobre a nosa cultura, en especial sobre os produtos culturais galegos, e en que medida axudou a crear novos públicos e fortaleceu todo o sector.



Cos resultados obtidos sería desexable tamén un maior tino na selección dos produtos e establecementos que se adhiren á campaña, así como os tempos para que non se converta tanto nunha campaña estacional de Nadal como nun auténtico instrumento que favoreza o consumo cultural no noso país.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia realizar outra convocatoria do Bono Cultural? De ser así, en que datas ten previsto lanzala?

2ª) Cales foron os resultados da campaña?

3ª) En que tipo de produtos culturais se investiron eses bonos?

4ª) Que tipo de establecementos se adheriron?

5ª) Realizou a Secretaría Xeral de Cultura algunha actuación de comprobación ou inspección para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos?

6ª) De haber nova convocatoria, cre o Goberno galego que é preciso revisar o tipo de establecementos adheridos a esta convocatoria? E o momento do seu lanzamento?

7ª) De haber nova convocatoria, valora o Goberno galego que se asegure o consumo de todo tipo de produtos cunha distribución da contía en bloques diferenciados (actividades ao vivo, soportes físicos e consumo dixital ou en liña) tal e como establece o Bono Cultural Xente Nova do Estado?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/03/2022 13:00:32

Noelia Otero Lago na data 28/03/2022 13:00:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área metropolitana da Coruña segue agardando por actuacións que permitan unha mobilidade adaptada aos tempos actuais, que se adapte ao seu crecemento urbanístico, que conecte os seus polígonos industriais, que permitan desprazamentos sostíbeis e que teña uns estándares equilibrados para os homes e mulleres que a diario se moven entre concellos sexa cal sexa o medio de transporte que usen. A rede viaria metropolitana é insuficiente e caótica o que fai que non haxa unha mobilidade sustentábel, vertebradora o que en moitos casos dificulta as relacións sociais mais crea moitos problemas na actividade económica e empresarial.

As mudanzas e cambios de criterio por parte da Xunta de Galiza a respecto das obras da Vía Ártabra foron continuas desde o inicio até que en agosto de 2009 a Xunta aproba un proxecto en que prioriza unicamente a conexión de enlace coa AP9, gravada con peaxe, facendo desaparecer a conexión gratuíta da Vía Ártabra coa A-6, unha proposta que fora consensuada con todos os concellos da área metropolitana.

A finais de febreiro do 2019 presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da Vía Ártabra co anuncio da licitación do tramo entre a Nacional VI e a AP9 por arredor de 40 millóns de euros e cun prazo de execución de 36 meses, dando comezo no verán dese mesmo ano. O certo é que o proxecto chegaba con polémica pola afectación a unha zona natural, todo isto a pesar de existir outras alternativas con menor impacto e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén porque ao non facerse a conexión coa A6 perde o seu verdadeiro obxectivo que é vertebrar a mobilidade en toda a área.

No verán de 2021, coas obras en proceso e coa consecuente afectación na mobilidade viaria e na seguridade, os medios de comunicación informaban da parálise total das obras até a primavera de 2022.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade afirmaba que se debía, por unha banda, «ás afeccións das liñas de gas e de media tensión» e, pola outra, “á falta de permiso para continuar coa conexión coa autoestrada de titularidade estatal», algo que coñecían desde o ano 2017, xa que segundo se fixo público había un informe do Ministerio de Fomento a este respecto onde se dicía que tendo en conta que era preciso modificar o actual contrato co titular da concesión na actuacións coa AP9, sería preciso subscribir, con carácter previo á execución das obras, un convenio entre as administracións implicadas (Fomento, Xunta e Audasa).

Un argumentario que, ao entender do Grupo Parlamentar do BNG, visibilizaba de novo o alto grao de improvisación con que actúa o goberno do PP na Xunta de Galiza.

Lonxe de albiscar unha solución aos graves prexuízos que esta improvisación e desorganización da Xunta está a provocar, en materia de comunicación e seguridade viaria, á comarca da Coruña, no día de hoxe anúnciase publicamente unha sentenza do TSXG desfavorábel ás posicións da Xunta de Galiza no contencioso formulado polo Concello de Cambre, co aval do BNG, sobre o proxecto de execución da Vía Ártabra. Unha sentenza que anula o proxecto actual e obriga a refacer parte do mesmo, coas obras comezadas, intensificando o prexuízo á veciñanza de toda a comarca da Coruña.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que valoración fai o goberno da sentenza do TSXG que anula parte do proxecto das obras da Vía Ártabra?

- Que medidas vai impulsar a Xunta para dar resposta á sentenza do TSXG que anula parte do proxecto das obras da Vía Ártabra?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/03/2022 16:55:11

Paulo Ríos Santomé na data 28/03/2022 16:55:20

Alexandra Fernández Gómez na data 28/03/2022 16:55:29

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2022 16:55:36



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O 14 de marzo remítese un escrito, dirixido á Fiscalía de Menores e á Valedora do Pobo, asinado polos técnicos/as dos equipos de menores e persoal administrativo do Servizo de Protección de Menores da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia no que se define unha situación de sobrecarga laboral tendo que atender un aumento considerable de expedientes, con máis complexidade administrativa e con menos persoal.

O Servizo de Familia e Menores traballan con información e casuística moi sensible, tendo en conta as consecuencias que se derivan das resolucións ou actuacións que en ditos servizos se fagan. As intervencións baséanse no seguimento diario de cada unha das actuacións propostas, tanto das ordinarias como as de urxencia. Sen embargo as de urxencia requiren resolver de xeito inmediato a situación de risco e desamparo de menores na busca de centros, moitas veces saturados, e de familias, insuficientes pese a que sería o ideal, para garantir a protección e dereitos dos menores.

En dito escrito os técnicos/as expoñen:

Que nos últimos anos véñse producindo un importante aumento do número de expedientes. Xa a Valedora do Pobo nos seus informes ten recollido a evidente sobre saturación do traballo, especialmente nos Equipos Técnicos de Menores, agravándose cada ano sen que a Consellería de Política Social puxera solucións para resolver este problema.

Na actualidade acentuouse dito incremento de expedientes, recoñecido de xeito explícito pola propia consellería publicamente, o que fai que os Equipos Técnicos de Menores estean desbordados. Con elo impídese realizar con eficacia as múltiples e delicadas tarefas que teñen asignadas.



En concreto falan de dificultade, obstrución e atraso xeneralizado no trámite de expedientes, onde se resolven os máis urxentes, quedando nun segundo plano, os “menos urxentes”, implicando con elo que se efectúe moi pouco traballo preventivo e que queden situacións desatendidas.

Indican ademais que, a actual relación de expedientes por técnico é irracional, inadmisíble e inasimilable, tendo que realizarse as valoracións nun contexto de elevada tensión e incerteza na toma de decisións.

Así mesmo contribúe á sobre carga laboral a demora de cobertura de baixas, a precariedade e inestabilidade laboral do persoal, e a continua asignacións de funcións adicionais de forma excesiva e desproporcionada, segundo indican os propios técnicos.

Por todo elo informan á Consellería de Política Social así como á propia Fiscalía de Área de Protección de Menores que priorizarán aqueles expedientes que entren pola quenda de urxencia.

Ante dita situación e no contexto actual marcado polas consecuencias sociais derivadas da pandemia, así coma as derivadas da actual guerra derivada da invasión de Rusia sobre Ucraína, é urxente que a Consellería de Política Social de conta do que está a acontecer nos Equipos Técnicos de menores, dada a relevancia de ser o centro da toma de decisións respecto aos menores de maior vulnerabilidade en Galicia.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera necesario a Consellería de Política Social incrementar o número de técnicos/as de menores para resolver os graves problemas do servizo que repercuten directamente sobre os menores?
- 2.^a) Que medidas teñen pensado ao respecto dende a Xunta de Galicia?
- 3.^a) Dita situación é comparable ao resto de Equipos Técnicos de Menores do resto de provincias de Galicia?
- 4.^a) Cal é media de expedientes atendidos por cada técnico/a en cada provincia?



5.^a) Cal é o número de técnicos dos ETM en cada provincia?

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 28/03/2022 19:33:33

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2022 19:33:46



reÁ Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O 19 de setembro de 2016 foi asinado por todos os partidos políticos o compromiso da construción dun centro de atención a persoas con diversidade funcional en Ourense, sendo esta a única provincia que non contaba con dito centro.

As familias de persoas con diversidade ou discapacidade da provincia de Ourense que durante anos loitan por lograr os mesmos dereitos para os seus fillos/as que o resto de galegos/as, centrou o seu obxectivo na consecución deste centro de titularidade e xestión pública directa.

O feito é que atopámonos rematando marzo de 2022, data prevista como fin de obra, e unha vez máis as expectativas non se cumpren, demorando con elo os dereitos das persoas con discapacidade ou diversidade a recibir atención nun centro público de calidade terapéutico-ocupacional preto das súas casas, sen ter que desprazarse de provincia.

O pasado 20 de febreiro fíxose público que a Xunta de Galicia negociaba coas empresas construtoras o sobrecoste de materiais, xustificando con elo a demora da execución das obras. Así mesmo, nos orzamentos da Xunta para o ano 2022 hai incluído un mecanismo de revisión de prezos para este tipo de circunstancias. Pese a elo, o pasado 18 de marzo coñécese que a Xunta de Galicia inicia un expediente para a rescisión do contrato de obras para a construción do CAPD de Ourense.

Unha vez máis as promesas non se compren dende que se fixeron fai seis anos, e con elo as consecuencias continúa. Hai moitos/as que ao rematar a etapa escolar teñen que ficar nas súas casas xa que, para acudir a un CAPD público teríanse que desprazar a outras provincias de Galicia, o que suporía ademais romper o vínculo familiar.



Dende o Grupo parlamentario socialista consideramos urxente que a Xunta de Galicia aporte as explicacións que merecen as familias e afectados directos que levan tantos anos agardando a que dunha vez por todas remate a discriminación a toda unha provincia.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Existe un informe técnico que detalle os motivos que levaron a paralizar as obras de construción do centro de atención a persoas con diversidade funcional en Ourense?
- 2.^a) Existe un compromiso da Xunta de Galicia coa titularidade pública e de xestión directa do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional en Ourense?
- 3.^a) Cal é o compromiso económico da Xunta para o remate e finalización de obras do centro de atención a persoas con diversidade funcional en Ourense na maior brevidade posible?

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 28/03/2022 19:34:33

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2022 19:34:43

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/03/2022 19:34:53

Juan Carlos Francisco Rivera na data 28/03/2022 19:35:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incremento do complemento autonómico ás PNC e da RISGA para enfrontar a crise xerada pola suba de prezos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise socio-económica xerada pola escalada de prezos afecta en maior medida ás capas da poboación máis vulnerables, entre elas as persoas beneficiarias de prestacións económicas como a Risga.

Actualmente, segundo os datos feitos públicos pola Xunta de Galiza, máis de sete mil persoas perciben no noso país a Renda de inclusión social o que supón menos de 600 euros ao mes.

Nun contexto de incremento brutal do custe da vida resulta urxente e imperioso a actualización e suba desta prestación para garantir unhas condicións de vida dignas a toda a poboación.

Cómpre lembrar que actualmente e até que non se modifique a lexislación en vigor, percibir a RISGA resulta incompatíbel con calquera outra prestación económica e só pode manterse durante un breve período de tempo con ingresos procedentes do traballo vendo mermar mes a mes até a súa extinción a contía da prestación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En idéntica situación se atopan as persoas que perciben unha Pensión Non Contributiva (PNC). En Galiza trátase dun colectivo de case 40 mil persoas que, malia contar cun complemento autonómico pensado e aprobado para reforzar estas prestacións, leva conxelado desde hai unha década.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopan as persoas perceptoras da RISGA e de Pensións non contributivas diante da escalada brutal de prezos?
- . Vai incrementar, no marco das súas competencias, a contía que reciben as persoas prestatarias?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 29/03/2022 09:33:44

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2022 09:33:47

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2022 09:33:54



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Goberno galego denegou nese curso académico 2021-2022 a numerosos institutos de ensino secundario do rural galego a posibilidade de que o alumnado poida recibir presencialmente materias como Latín, Debuxo técnico, Historia da Arte, Grego ou Francés, se non hai polo menos cinco estudantes matriculados ou matriculadas nestas materias aínda que no centro haxa profesorado dispoñible.

As materias mencionadas son optativas en bacharelato e puntúan no exame de acceso á Universidade, así que polo tanto se produce unha discriminación no acceso ao ensino superior xa que estes estudantes non poderán escoller nin as materias que máis lle conveñan nin en moitos casos tampouco poderán acceder á carreira que desexan.

A Xunta de Galicia sostén que mantén os mesmos criterios que anos anteriores sobre o mínimo de alumnado esixido para impartir unha materia e que o sistema ofrece a posibilidade de que os estudantes cursen a materia noutro centro ou por vía telemática.

Mais a realidade é que ata o de agora a Xunta permitía que os centros que o solicitasen puidesen ofrecer estas materias con carácter excepcional aínda que non se chegase ao mínimo de estudantes establecido sempre que o centro contase con profesorado con dispoñibilidade horaria. Por outra banda, non todo o estudantado ten facilidades para moverse a outros concellos nin as conexións de rede axeitadas para poder seguir unha clase en liña en óptimas condicións.

Esta situación, lamentablemente estendida por todo o noso rural, afecta tamén ao IES de Becerreá, que leva dende comezos de curso afectado pola redución da materia de francés, coa conseguinte discriminación do seu alumnado a respecto de concellos próximos. O inaudito é que o centro si dispón da profesora titular desa materia e con dispoñibilidade horaria para impartila. A maiores, o IES de Becerreá é o único de toda a comarca, co que coa eliminación desta materia se está discriminando a toda unha comarca.



Sumándonos á reivindicación de toda a comunidade educativa, que leva dende comezos de curso manifestándose por un rural digno e vivo, solicitamos en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É consciente o Goberno galego da discriminación que supón para o alumnado rural galego no acceso á educación superior non permitir impartir determinadas materias optativas en Bacharelato?

2ª) Cal é a razón de que este curso non se ofrezca a materia de francés no Instituto de Becerreá se existe profesorado con dispoñibilidade para impartila?

3ª) Como valora a Xunta de Galicia que coa eliminación da materia de francés no IES de Becerreá se lle pecha a porta ao estudo dese idioma en toda a comarca?

4ª) Vai repoñer a oferta da materia de francés no IES de Becerreá no curso 2022-2023?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/03/2022 16:01:05

Patricia Otero Rodríguez na data 28/03/2022 16:01:20

Noelia Otero Lago na data 28/03/2022 16:01:33



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Torre de Sande, Ben de Interese Cultural, é unha das maiores xoias arquitectónicas do Concello de Cartelle. Formou parte dunha fortaleza medieval e, aínda que a súa orixe é incerta, hai datos históricos que a datan no século XII, cando o rei Alfonso VII e a raíña Berenguela doan o castelo ao Mosteiro de San Salvador de Celanova.

Desde o século XIX o espazo quedou totalmente abandonado a pesar de que en 1949 foi protexido pola Lei do Patrimonio Histórico Español e declarado de Interese Turístico Nacional. Na actualidade atópase en tan mal estado de conservación que mesmo corre perigo a estabilidade da estrutura. Non en van, a Torre de Sande atópase na lista vermella de Patrimonio.

A actual propietaria do ben, a familia Reza, asegura dende hai décadas non poder facerse cargo dos gastos da súa conservación e mantemento, e mentres asistimos a un cada vez maior deterioro deste ben con consecuencias irreversibles.

Xa hai máis dunha década, consciente dese abandono, o Goberno autonómico decidira actuar sobre este ben incluíndoo nun plan de actuación da Dirección Xeral de Patrimonio nas fortalezas da Raia Seca. Desde a Consellaría de Cultura confirmaban en 2009 que a torre medieval formaba parte dun plan para consolidar e poñer en valor as fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terra de Celanova.

Mais coa chegada do Partido Popular ao Goberno este plan de rehabilitación paralizouse e nada máis se soubo del. O que si se sabe é que a Xunta de Galicia aduce que non pode facer nada ao tratarse dun ben de titularidade privada, e constantemente apela ao Concello de Cartelle a que sexa el quen faga as xestións oportunas para poder actuar: a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e a familia propietaria que permita ou unha cesión ou unha posta a disposición do ben inmovle.



Mais logo de anos de desleixo, e a pesar dos intentos de negociacións que di manter o Concello, a situación segue a ser a mesma que cando o Grupo Socialista preguntaba hai un ano por esta cuestión: inacción absoluta de todas as administracións.

O Grupo Parlamentario Socialista fai súa a profunda preocupación do Grupo Socialista no concello de Cartelle diante deste desleixo e esixe que, ante a incapacidade de negociación da familia propietaria e da Administración local, sexa o Goberno galego quen adopte unha actitude proactiva neste conflito para, tal e como é a súa obriga, garantir a conservación e protección da Torre de Sande. Especificamente, o artigo 33 de Medidas de protección da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia explicita:

“1. A Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia.

2. En especial, a Xunta de Galicia poderá acordar medidas de colaboración coa Administración do Estado, con outras comunidades autóctonas, con organismos internacionais e coas entidades que integran a Administración local que fortalezan e melloren a vixilancia e a seguridade dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, especialmente cando se vexan ameazados por actos de espolio ou destrución.”

Queda, xa que logo, clara a posibilidade de que a Administración autonómica actúe de mediadora e realice as xestións oportunas para conseguir a protección da Torre de Sande, en serio perigo de destrución, sendo a opción desexable que pase a ser de titularidade pública e se poida proceder con urxencia á súa rehabilitación e posta en valor.

Por outra banda, parece tamén lóxico instar a familia propietaria a que presente a documentación relativa á adquisición deste ben de interese turístico nacional coa fin de acreditar e acelerar un posible cambio de titularidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Realizou a Consellaría de Cultura no último ano algunha actuación patrimonial para garantir a conservación e protección da Torre de Sande?



2ª) Que seguimento fixo a Xunta de Galicia do deber das persoas propietarias da Torre de Sande contemplado no artigo 32 da Lei de patrimonio cultural de Galicia?

3ª) Cando foi a última vez que a Dirección Xeral de Patrimonio informou á propietaria da Torre de Sande das súas obrigas como titular dun ben de interese cultural tal e como recolle o artigo 124. d) da lei 5/2016?

4ª) Actuou o Goberno galego como mediador na negociación entre o Concello de Cartelle e a familia propietaria da Torre de Sande para a cesión ou posta a disposición do ben a mans públicas? De non ser así, contempla a posibilidade de facelo?

5ª) Comunicoulle a familia propietaria da Torre de Sande á Xunta de Galicia algún dano ou prexuízo que teña sufrido ou que afectase significativamente o seu valor cultural, tal e como indica o artigo 37 da Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galicia?

6ª) Coñece a Xunta de Galicia como foi adquirido este ben pola actual propietaria?

7ª) Consta no expediente BIC da Torre de Sande esa adquisición?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/03/2022 17:19:37

Noelia Otero Lago na data 28/03/2022 17:19:53

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/03/2022 17:20:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 43/2009 regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

Este decreto modifica o artigo 9 do Decreto 267/2002, renomeando o Rexistro Oficial de Profesionais da Tradución e Interpretación Xuradas doutras Linguas para o Galego e Viceversa, que será responsabilidade da Secretaría Xeral de Política Lingüística como rexistro público.

Nesta altura esta listaxe de profesionais da tradución e interpretación está dispoñíbel no web da SXPL con data de actualización de setembro de 2021.

É competencia da SXPL realizar o procedemento de probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa.

Segundo figura na propia web da SXPL, as devanditas probas realizaranse con periodicidade anual, convocaranse no mes de setembro/outubro de cada ano, en que se publicará a convocatoria e abrirá o prazo para a presentación de solicitudes. Nos meses de febreiro/marzo seguintes realizaranse as probas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dependerá de cada convocatoria a oferta de linguas para as que se efectuarán as probas: castelán, éuscaro, catalán, portugués, alemán, romanés...

No entanto, a propia información xeral da web da SXPL recolle que o 5 setembro de 2008 se publicou no DOG a última convocatoria para a realización deste tipo de probas.

Por outra banda, a listaxe de profesionais da tradución e interpretación xurada desde e para o galego conta, nesta altura, con apenas 11 persoas ofertantes destes servizos especializados vinculados ao castelán, sendo a inmensa maioría vinculados ao inglés e moi minoritariamente ao francés. Sorprende, asemade, a nula oferta de idiomas como o portugués e o alemán.

Desde o grupo parlamentario do BNG entendemos que non se está a cumprir co marco legal vixente a respecto do procedemento de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa e mais que a oferta das linguas de saída ou chegada en relación ao galego é claramente insuficiente.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que a Xunta non convocou desde 2008 as probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa?

. Por que non están incluídos idiomas de elevada demanda como o portugués e o alemán?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como se actualiza a listaxe de profesionais da tradución e interpretación xurada?

. Pensa o goberno convocar neste ano 2022 as probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/03/2022 11:18:45

Daniel Castro García na data 29/03/2022 11:18:50

Mercedes Queixas Zas na data 29/03/2022 11:20:12



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Xunta de Persoal do Distrito Sanitario de Ourense anunciou a convocatoria dunha folga en resposta o que cualifican de maltrato continuado da Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Indican que, nestes dous últimos dous anos o persoal estivo a máis do cen por cento das súas capacidades para combater a pandemia, o que provocou que todas as persoas afectadas tivesen que separarse das súas familias e traballaran baixo unha presión psicolóxica inimaxinable e que a resposta da Xerencia foi pagar todos os esforzos con desprezos ao seu traballo, aos conflitos laborais, aos dereitos adquiridos que permitían certa liberación a toda a presión que se viron sometidos as persoas traballadoras.

O día 6 de abril e a data anunciada de inicio da folga, que consistirá en paróns de dúas horas de duración en quendas de mañá e de tarde (entre as 10:00 e as 12:00 horas e entre as 17:00 ata as 19,00 horas), convócase principalmente segundo a Xunta de Persoal pola “incompetencia de xestión dos recursos humanos por parte da Xerencia” e pola “negativa a negociar ningunha mellora para os profesionais que traballan tanto na atención hospitalaria como na atención primaria de Ourense”.

Sendo as súas principais demandas:

- Manter os dereitos adquiridos nas vacacións e permisos de libre disposición.
- Resolver o conflito laboral en urxencias, que levan concentrándose na porta de Urxencias dende hai meses para mellorar a atención das urxencias hospitalarias.
- Resolver o conflito de Medicina Interna, que xa existía antes da pandemia e intensificouse coa Covid.
- Estabilidade na contratación.



Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o Goberno galego as manifestacións da Xunta de Persoal do Distrito Sanitario de Ourense en relación aos motivos da folga?
2. Que medidas pensa adoptar ao respecto?
3. Cando van a iniciar a negociación coas persoas representantes da Xunta de Persoal?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/03/2022 11:27:01

Marina Ortega Otero na data 29/03/2022 11:27:11

Juan Carlos Francisco Rivera na data 29/03/2022 11:27:21

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2022 11:27:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao abeiro da transición enerxética e do Pacto Verde, tanto o goberno español como o galego están promovendo un desenvolvemento intensivo e acelerado do sector eólico, con importantes impactos en áreas rurais e espazos naturais.

Desde o ano 2019 este proceso de intensificación dos usos industriais do rural galego presenta importantes novidades:

- a) o desenvolvemento tecnolóxico, o que supón un forte incremento das dimensións das infraestruturas e do seu impacto no territorio (sobre todo tendo en conta que a distancia mínima a núcleos habitados é de 500m)
- b) a implantación dos proxectos non só en espazos de monte senón tamén en zonas residenciais e en áreas de marcado interese agrario e gandeiro, o que xera unha conflitividade que até unha época recente estaba solapada. Un dos aspectos desta conflitividade ten que ver coas implicacións e impactos das poligonais nos usos e no valor do solo.

Por outra parte, o plan eólico promovido pola Xunta, modificado sucesivamente con cambios normativos pensados para favorecer os intereses das empresas promotoras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e xerar indefensión nas comunidades afectadas, ten un claro compoñente de espolio e unha clara vocación extractiva e produtivista. Como consecuencia deste deseño, deixa fortes impactos negativos no territorio e moi escasas rendas, o que leva consigo que mesmo os concellos con maior intensidade de implantación destes proxectos teñan unha evolución económica e demográfica claramente negativa.

Unha das características da nova fase de desenvolvemento eólico é o intento de acaparamento de terras de alto valor ambiental, social e agrogandeiro. Aos efectos negativos no patrimonio natural e cultural, e nos recursos hídricos, engádese nestes casos unha forte afectación a actividades económicas esenciais e a usos residenciais, polo emprazamento dos parques nas inmediacións de granxas e de zonas habitadas.

Un dos exemplos máis claros desta intensificación, avalancha e intento de ocupación masiva de terras témola na Terra de Montes no ámbito dos concellos de Forcarei, A Estrada e Cerdedo-Cotobade, no que están en diferentes fases de tramitación uns 11 parques eólicos, que se suman aos xa autorizados e aos 254 muiños xa instalados principalmente nas serras do Candán e do Cando, incluídas na Rede Natura e ameazadas por futuros proxectos de repotenciación.

Para valorar os impactos conxuntos de todos estes proxectos hai que ter en conta a afectacións dos propios parques, das poligonais, das liñas de evacuación e das liñas de alta tensión asociadas, infraestruturas que van condicionar de maneira directa o futuro deste territorio.

Na contorna de Pedre (Cerdedo-Cotobade) están en tramitación os parques eólicos de Porto Vidros e Campo das Rosas, promovidos pola empresa Naturgy.

O parque eólico Porto Vidros, situado nas parroquias de Cerdedo, Corredoira e Pedre, inclúe 3 aeroxeradores de 163 m e 3,45 MW, con unha potencia total de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10.35MW. A liña de evacuación atravesas as inmediacións do lugar de Pedre cara ao PE Campo das Rosas e Touriñán e desde aí a Tibo (Caldas)

O parque eólico Campo das Rosas aféctalle ás parroquias de Souto e Codeseda (A Estrada), Cerdedo (Quireza e Castro) e Campo Lameiro (San Isidro e Morillas). Ten unha potencia total de 27,6 MW, repartida en 8 aerogeneradores de 3.45MW e 163 m de altura.

Segundo se deduce das alegacións de colectivos sociais e dos concellos da Estrada e Cerdedo Cotobade, os proxectos teñen numerosas eivas e terían un fortísimo impacto negativo no territorio:

- Trátase dunha fragmentación fraudulenta dun único parque, xa que comparten as mesmas infraestruturas de evacuación. Ao non facerse un estudo ambiental conxunto non é posíbel avaliar correctamente e de maneira conxunta os impactos acumulativos.

- O parque eólico Campo das Rosas ten unha incidencia directa no hábitat dos animais e na celebración da Rapa das Bestas, Festa Declarada de Interese Turístico Internacional no ano 2007.

- Os parques terán unha incidencia negativa nos recursos hídricos da zona e nos mananciais e captacións utilizadas para o abastecemento de auga. A liña de evacuación de Porto Vidros aféctalle á rede hidrográfica.

- Os proxectos teñen un forte impacto paisaxístico e no medio natural, xa que afectan a especies e hábitats protexidos pola Directiva Hábitat.

- O estudo de impacto ambiental ten graves deficiencias, como é o caso das referencias a aves rapaces que non existen en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Na contorna do parque eólico Porto Vidros existen numerosos xacementos arqueolóxicos que non constan na documentación do proxecto.

- Non se fai unha correcta valoración do impacto paisaxístico e non se teñen en conta as Directrices da Paisaxe.

- Non se fai unha correcta valoración do impacto das diferentes infraestruturas en usos residenciais e en actividades económicas propias do territorio.

A maiores hai que ter en conta o déficit de información e de participación na tramitación dos proxectos, así como a vulneración na lexislación ambiental no trámite de información pública.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten previsto o goberno galego autorizar os parques eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas, incorrendo nunha ilegalidade ao tratarse dunha fragmentación dun proxecto en dous?

. Considera necesario o goberno galego levar a cabo unha avaliación conxunta do impacto de todos os proxectos eólicos e das súas infraestruturas na área afectada?

. Comparte o goberno galego as alegacións dos concellos e colectivos veciñais que se refiren a impactos críticos e severos en hábitats, paisaxes, patrimonio cultural, recursos hídricos e actividades económicas propias do territorio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta cumprir a obriga legal de someter os proxectos ao procedemento de información pública cumprindo os prazos fixados na lexislación ambiental?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 29/03/2022 11:43:15

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2022 11:43:20

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2022 11:43:26



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da sanidade galega vén sendo un motivo de debate público entre profesionais, usuarios, sindicatos, axentes sociais e grupos políticos que presenta diferentes visións e perspectivas sobre a súa evolución.

Dende un punto de vista dos datos, a preferencia pola sanidade privada en Galicia vén aumentando paulatinamente nos últimos anos. Recentes publicacións en medios de comunicación apuntaban ao enorme crecemento dos seguros privados incluso no último ano, pero esta situación non é máis que un acelerón dunha realidade que vén amosándose na mesma liña na última década. O barómetro sanitario anual publicado polo Ministerio de Sanidade e con desagregación de datos por comunidades autónomas apunta que o índice anual das persoas que apuntan á súa preferencia por contratar un seguro privado aumenta ano tras ano, ao igual que aquelas que manifestan que, de poder escoller, preferirían ser atendidas no sistema privado que no público.

De maneira clara, estes datos apuntan a un elemento fundamental para o sistema sanitario dun país, que é a confiabilidade que a cidadanía teñen da eficiencia do seu propio sistema e da xestión que se está a facer del. Os profesionais sanitarios, principais implicados, amosan a súa preocupación constante por este aumento da preferencia polo sistema privado, e demostran constantemente a súa implicación na calidade do servizo galego de saúde pero cun retorno difuso por parte das administracións. O investimento en sanidade en Galicia coloca á nosa Comunidade Autónoma na metade inferior das comunidades autónomas de España en investimento por habitante, con 1679,26 €/habitante en 2022.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o Goberno de Galicia o aumento da preferencia polos seguros privados de saúde da poboación galega nos últimos anos?
2. A que razóns atribúe o goberno da Xunta de Galicia estes datos?



3. Considera o goberno da Xunta de Galicia que o crecemento do número de galegos/as que prefiren un seguro privado que a asistencia na sanidade pública galega é froito da valoración que fan da xestión do sistema sanitario público de Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2022 13:08:49

Marina Ortega Otero na data 29/03/2022 13:08:59



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A creación de novos públicos é fundamental para a supervivencia da cultura dun país. Só se somos quen de ofrecer produtos culturais de calidade e atractivos para o público máis pequeno poderemos asegurar a súa continuidade no tempo. De aí que para o reto de deseñar políticas públicas eficaces sexa importante coñecer cales son as preferencias e a valoración que a rapazada galega e as súas familias lle dan á oferta cultural galega.

Neste senso, o Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega vén de publicar o informe *Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos* para coñecer a valoración que outorga a poboación á oferta cultural en Galicia, á oferta para menores de 16 anos e á realizada e producida en galego tamén para eses menores.

O estudo arroxa datos significativos:

- a valoración global (de 0 a 10) da oferta cultural xeral en Galicia é dun 6,15, a enfocada a menores de 16 anos dun 5,56 e descende a un 5,01 cando se refire á oferta en galego.
- da oferta en galego para menores de 16 anos, o único que a maioría da poboación percibe como suficiente é a oferta de libros en lingua galega.
- os produtos e servizos en galego valorados como insuficientes son o cine, os contidos audiovisuais, os xogos e videoxogos e os espectáculos
- percíbese unha tendencia a valorar peor a oferta cultural nas áreas rurais. Canto menor é o grao de urbanización, máis escasa se ve a oferta en galego de espectáculos, cine en sala, contidos audiovisuais e xogos.

O CCG conclúe que “todos os achados do traballo apuntan a que a escasa oferta cultural en galego para a rapazada incide nun menor consumo nesta lingua”, malia que “se detecta unha demanda importante en practicamente todos os produtos analizados”.

O Consello da Cultura Galega xa sinalara en anteriores informes a escaseza de oferta de produtos e servizos en lingua galega nalgúns ámbitos da cultura, nomeadamente no espazo dixital, e aconsellaba reforzar políticas públicas destinadas a potenciar o tecido de medios de comunicación e plataformas dixitais de cultura en lingua galega.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Como valora o Goberno galego o informe *Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos* do Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega?

2ª) Considera satisfactorio a Xunta de Galicia que a valoración global da oferta cultural xeral en Galicia sexa dun 6,15 e que descenda a un 5,01 cando se refire á oferta en galego?

3ª) Ten prevista algunha acción concreta para paliar a valoración negativa dos menores de 16 anos a respecto da oferta en galego de cine, contidos audiovisuais, xogos e videoxogos e espectáculos?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que poñer o foco no público cativo axudará a fortalecer a industria e a cultura galega?

5ª) Entende necesario realizar algunha acción específica dirixida a reforzar os contidos culturais en galego dirixido ao público menor de idade?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/03/2022 12:04:46

Noelia Otero Lago na data 29/03/2022 12:05:05



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para o a súa resposta escrita**.

Fai uns días, un profesional do Hospital Público de Valdeorras foi agredido por un familiar dun ingresado. Ó non haber gardas de seguridade nese intre, ningún se personou no lugar para asegurarse de que non pasara o que finalmente se produciu. Foi avisada a Garda Civil, tempo despois do sucedido, xa consumada a agresión.

A situación continúa sen solución e as consecuencias de que o persoal de seguridade non cobren o que lles debe é complexo de asumir na xestión do día a día, e o que elo implica na seguridade laboral do traballo diario do hospital. Con elo facilítanse feitos como a agresión relatada, que é a peor expresión do deterioro das relacións da poboación co seu servizo público de saúde, en palabras do propio persoal sanitario.

Este tipo de situacións fan que o propio persoal insista en que o Hospital Público de Valdeorras precisa de solucións integrais para resarcir as carencias derivadas dos recortes dos últimos anos.

Tras prescindir de especialidades importantes para a veciñanza dunha comarca significativamente alonxada do hospital provincial de referencia, a situación fai que os profesionais sanitarios protesten ante a situación do hospital.

É fundamental que por parte da Consellería de Sanidade se tomen medidas inmediatas para evitar este tipo de situacións, que eleva a xa de por si sobrecarga de estrés por falla de medios para os profesionais sanitarios, e a inaxeitada atención para a veciñanza de Valdeorras que merece unha sanidade pública de calidade e proximidade.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



1.^a) Que opcións propoñen dende a Consellería de Sanidade para evitar a situación do persoal de seguridade do Hospital Público de Valdeorras?

2.^a) Por que se demora no tempo unha solución que ten que ser de carácter urxente?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 29/03/2022 16:11:40

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2022 16:11:51



A Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Nos últimos ano o Hospital Público de Valdeorras sufriu numerosos recortes por parte do Goberno galego. Nunha comarca territorialmente afastada do hospital público de referencia, o feito de eliminar especialidades supuxo para a veciñanza unha fenda nos seus dereitos de acceso á sanidade pública.

Unha das cuestións que máis preocupan na actualidade trátase da situación de Medicina Interna. Segundo os propios profesionais, hai un tempo este servizo contaba con 10 profesionais, atopándose na actualidade con só 5, un deles de baixa. Este servizo é o que conta cunha maior porcentaxe de ocupación do Hospital Público de Valdeorras, máis do 70 %.

Ante dita situación, a atención ordinaria de luns a sábado reséntese, xa que non se pode atender axeitadamente as consultas externas debido á incompatibilidade cando hai que atender ás urxencias, ás plantas e á labor de informar aos familiares. Co número tan reducido de profesionais é inviable poder aportar unha atención integral e de calidade.

Do mesmo xeito, non se pode establecer un horario fixo para pasar ás plantas nin para informar aos familiares dos pacientes ingresados. E o que é máis grave, a falta de persoal deriva en que sexa inviable atender coidados paliativos, exceptuando os casos urxentes.

O deterioro do piar fundamental dun hospital público como o de Valdeorras como é o de Medicina Interna, é un exemplo máis da falta de dilixencia e descoordinación derivada da xestión cos criterios de área única, que non ofrecen unha xestión integrada. A maiores hai que engadir como agravante da situación, a xubilación do Xefe de Servizo de Medicina Interna do Hospital Público de Valdeorras. Difícil de xestionar ou solucionar dende o hospital provincial de referencia (CHUOU), cando actualmente está convocada unha folga parcial a partires do 6 de abril e un dos motivos de dita folga é o deterioro da Medicina Interna do hospital de referencia.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

- 1.^a) Coñecen dende a Consellería de Sanidade a situación do servizo de Medicina Interna do Hospital Público de Valdeorras?
- 2.^a) Que solucións a curto prazo establece o Goberno galego para garantir este servizo de Medicina Interna á veciñanza de Valdeorras?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 29/03/2022 19:07:26

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2022 19:07:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa de Sta María de Seteventos sita no Concello de O Saviñao é un pequeno templo rural da alta idade media pertencente ó monacato de tradición visigoda.

Esta igrexa foi declarada como Ben de Interese Cultural e restaurada no seu momento pola Dirección Xeral de Patrimonio, tal e como se recolle na páxina da Xunta de Galiza.

Conta cunha planta rectangular de nave única, mantén varios elementos da época románica como o arco triunfal ou a portada. A maiores un conxunto de pinturas murais do s. XVI que decoran o arco triunfal de acceso á capela maior. Representan a anunciación e o xuízo final baseado no relato apocalíptico de S. Xoán. Quizá isto faga que esta sexa unha das igrexas máis senlleiras da Ribeira Sacra.

Actualmente a edificación atópase co teito deteriorado e con goteiras que escorren sobre ambos lados dos frescos que están comezando a deteriorarse de xeito significativo, polo que se require dunha actuación urxente para o retellado e a restauración das pinturas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai o goberno da Xunta de Galiza ocuparse de xeito inmediato de retellar a igrexa de Sta María de Seteventos e posteriormente da restauración das pinturas murais deterioradas pola auga?

. Vai establecer algún sistema para a monitorización futura deste templo?

. Vai prever o goberno da Xunta algunha medida para ordenación do cemiterio desa igrexa?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/03/2022 10:34:08

María del Carmen Aira Díaz na data 30/03/2022 10:34:11



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

O municipio de Vilaboa conta cun importante sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, que emprega a moitas persoas desta localidade e que contribúe de xeito notorio a economía local.

As infraestruturas portuarias desta vila, radicadas nas parroquias de Santa Cristina e San Adrián de Cobres presentan eivas que provocan dificultades para a operativa cotiá dos produtores. O exemplo máis evidente é a falla de atraques e a escaseza de calado no peirao de San Adrián de Cobres para o sector mexilloeiro.

Os barcos de bateas atópanse abarloados entre si, por non ter liña de muelle na que atracar e esta situación xera risco para as embarcacións, inseguridade para as persoas que teñen que embarcar e dificultades de operativa de atraque e desatraque.

Por este motivo, as propias organizacións de produtores de mexillón e o Concello de Vilaboa dirixíronse a Portos de Galicia noutras ocasións, solicitando que se actúe sobre este peirao, sen atopar ata a data resposta en positivo.

Sendo conscientes de que as actuacións neste peirao deben ser respectuosas co medio mariño, a proposta que queremos trasladar, consensuada co sector mexilloeiro, consiste na construción de pantaláns flotantes con capacidade para albergar máis puntos de atraque.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2022 a demanda á que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda polo Goberno Autonómico, o que pon de manifesto o mínimo interese por parte do Executivo autonómico da construción deste pantalán en San Adrián de Cobres.

A maiores, teñen a base neste peirao 18 barcos e cando hai temporal na nosa costa galega suben ata 25 embarcacións, xa que é porto de abrigo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai Portos de Galicia a construír pantaláns flotantes no peirao de San Adrián de Cobres, en Vilaboa, para albergar máis puntos de atraque ante a necesidade do sector pesqueiro da zona?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/03/2022 12:10:49

Patricia Otero Rodríguez na data 30/03/2022 12:10:56

Julio Torrado Quintela na data 30/03/2022 12:11:09



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Míguez e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita

A loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia non foi unha prioridade para os distintos gobernos encabezados por Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, unha situación límite para moitas persoas e fogares que cando aínda non se tiñan recuperado da crise de 2008 viron agravada a súa situación polas consecuencias económicas e sociais derivadas da pandemia provocada pola covid-19, chegando en 2020 a 694.367 persoas en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE), é dicir o 25,7 % da poboación galega, 38.389 máis que no ano anterior (datos do último informe publicado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN) sobre “*O estado da pobreza en Galicia 2020*”).

Se a situación da pobreza e exclusión social no noso país xa era alarmante antes da pandemia, esta e a inexistencia de políticas de acceso á vivenda agravaron a pobreza e a privación material severa en Galicia, así o mesmo informe di literalmente que “A emerxencia residencial ante a falla en Galicia de vivendas dignas e accesibles está impedindo *de facto* o éxito nos procesos e medidas de inclusión social e loita contra a pobreza”, co que á vista destes datos, parece difícil poder cumprir en 2030 co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible e reducir a pobreza á metade que en 2015.

A actual situación de escalada nos prezos da enerxía é un elemento que agrava a situación económica dos fogares, pero especialmente daqueles fogares máis vulnerables e que xa partían dunha situación límite, que en 2020 segundo o mesmo informe da EAPN en Galicia tiñamos 598.000 persoas no umbral da pobreza e 253.000 persoas que padecían pobreza severa e no cuarto trimestre de 2021 na enquisa estrutural a fogares elaborada polo IGE nos revela que o 52,47 % dos fogares galegos manifestan ter dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.

A Xunta de Galicia publicou o 12 de xaneiro a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, axudas ás que destinan 1,9 millóns de euros para este exercicio.



Se temos en conta que en 2021, segundo os datos facilitados pola propia Xunta de Galicia, houbo 5.278 familias beneficiadas con importes que podían chegar aos 450 euros anuais e que segundo os datos do IGE en 2020 había en Galicia 44.442 fogares con carencia material severa, parece que a contía consignada nos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para este ano é claramente insuficiente, resaltando que para este exercicio os orzamentos volven acadar créditos históricos ata chegar aos 13.118 millóns de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego incrementar neste exercicio a partida orzamentaria dedicada ao bono social eléctrico para incrementar o número de familias beneficiarias?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/03/2022 16:31:38

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/03/2022 16:32:03

Marina Ortega Otero na data 30/03/2022 16:32:17



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No mes de setembro do ano 2019, o presidente da Xunta de Galicia inaugurou en Pontevedra o novo edificio xudicial de A Parda, no que se investiron máis de 21.000.000 €.

No seu interior alberga quince xulgados, que se corresponden coas catro salas do Social, e dous do Mercantil, anteriormente situadas na sede da Audiencia Provincial; as tres do Contencioso-Administrativo, anteriormente situadas na rúa Xermán Adrio; e as seis unidades de Primeira Instancia situadas anteriormente no vello xulgado de A Parda.

A Fiscalía e os xulgados que coñecen asuntos de carácter penal, así como menores, o Xulgado de Garda e o Imelga. mantivéronse no vello edificio de A Parda, que se conectou co novo edificio a través dunha pasarela.

Na súa visita inaugural o vicepresidente da Xunta de Galicia e de forma reiterada nos medios o goberno da Xunta de Galicia comprometéranse a adaptar estes espazos do xulgado “vello” e investir nas reformas necesarias para acondicionar o mesmo, pero case 3 anos despois non se fixo nada.

Entre as múltiples eivas que presentan estas dependencias atópase a ausencia de sistemas de gravación nas salas de vista, nin ventilación nas mesmas, ou o mal estado no que se atopan os calabozos, entre outros.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten que investir neste edificio para acondicionar estes espazos e mellorar así o servizo que se presta nas dependencias xudiciais xa que por unha banda, isto está a producir unha clara discriminación duns ordes xurisdiccionais respecto a outros e por outra unha xustiza moderna non pode seguir mantendo determinadas carencias.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o Goberno galego non cumpriu nestes tres anos o compromiso de executar as obras de acondicionamento pendentes no edificio antigo dos xulgados, situado en A Parda (Pontevedra)?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia executar as obras de acondicionamento pendentes no edificio antigo dos xulgados, situado en A Parda (Pontevedra) no ano 2022?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/03/2022 17:24:24

Pablo Arangüena Fernández na data 30/03/2022 17:24:32



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Imelga foi creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia e, en virtude de Orde do 23 de marzo de 2006, entrou en funcionamento.

As súas funcións son a investigación medicolegal en tódolos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade, a intervención no control periódico da evolución dos lesionados e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, a asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais, e a emisión de informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil.

En Pontevedra a Subdirección territorial de Pontevedra, ten un ámbito de actuación que abarca os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa. Está situada no edificio vello do Xulgado de A Parda, en concreto a carón do Xulgado de Garda.

Este espazo é moi reducido e inapropiado xa que é moi reducido e nin sequera ten sala de agarda senón que os usuarios/as teñen que esperar a súa quenda na entrada do Xulgado de garda compartindo espazo cos usuarios/as deste.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en outras ocasións que resulta necesario acondicionar as dependencias deste edificio e entre estas demandas estaría a de trasladar á planta baixa (que agora non ten usos) as dependencias do decanato e da biblioteca, quedando así libre a 1ª planta do edificio, onde poderían trasladarse as dependencias do Imelga, constituíndo este un espazo máis amplo e diferenciado.

A maiores disto e tendo en conta a existencia dun maior espazo, sería necesario ampliar o número de profesionais, necesario para paliar a carga de traballo que



soporta este equipo, o que provoca grandes atrasos na tramitación dos procedementos xudiciais, no caso de Pontevedra entre 8-10 meses pendentes para a realización dun informe psicosocial. Atrasos que implican a ter que contemplar nalgúns procedementos a atenuante de dilación indebida.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o goberno da Xunta trasladar as dependencias do Imelga de Pontevedra á 1ª planta do edificio vello de A Parda?
2. Entende este goberno que as dependencias do Xulgado de Garda son un lugar axeitado para que o equipo do Imelga desenvolva o seu traballo?
3. Ten previsto o goberno da Xunta ampliar o número de profesionais existente no Imelga de Pontevedra para paliar a carga de traballo que soporta este equipo?
4. Entende este Goberno que 8-10 meses de espera nun procedemento xudicial, para a elaboración dun informe psicosocial, é compatible co dereito á tutela xudicial efectiva?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Julio Torrado Quintela

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2022 17:32:53
Nº Rexistro: 33161
Data envío: 30/03/2022 17:32:53.642

Paloma Castro Rey na data 30/03/2022 17:27:44

Julio Torrado Quintela na data 30/03/2022 17:27:51

Pablo Arangüena Fernández na data 30/03/2022 17:27:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante es Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A situación demográfica de Galicia nos sitúa entre as comunidades que lideran o envellecemento do país, no que hai que sinalar dúas cuestións; por unha banda o reto demográfico apunta a blindar servizos nos territorios rurais e especialmente afastados territorialmente, e por outro lado as cifras de envellecemento na provincia de Ourense exixen unha discriminación positiva nas ratios de profesionais da sanidade e tamén no sector coidados.

Dende o Grupo Local Socialista do concello de A Veiga denunciaron graves problemas na atención sanitaria da localidade, xa que na actualidade falta un facultativo de garda durante as fins de semana.

De feito informaron da casuística dunha veciña de 92 anos que o 20 de marzo precisou atención médica por atoparse indisposta, sen embargo non puido recibir atención sanitaria debido á ausencia do médico de garda, falecendo pouco tempo despois. Ata o lugar desprazouse unha ambulancia dende A Gudiña, pero segundo indican tardou unha hora aproximadamente en chegar.

Este caso exemplifica a urxencia da necesidade dun médico de urxencias permanente en A Veiga para evitar situacións lamentables como a relatada. Tendo en conta que A Veiga é un dos concellos máis extensos de toda a provincia de Ourense así coma un dos máis envellecidos. Polo que o sector de coidados e o servizo público de saúde son piares fundamentais para un concello con estas características.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Consideran necesario incrementar un facultativo en urxencias no concello de A Veiga?

2.ª) Consideran que na actualidade a veciñanza ten unha atención sanitaria de calidade e proximidade?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 30/03/2022 17:48:43

Julio Torrado Quintela na data 30/03/2022 17:48:53



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Instituto de Educación Secundaria As Mariñas de Betanzos é un centro que imparte ESO, bacharelato e tres ciclos formativos (Electricidade, Automoción e Administración) para case oitocentos alumnos e alumnas, sendo un centro de referencia para o alumnado con especiais necesidades, aínda sen contar con persoal especializado suficiente para poder dar o servizo de calidade requirido por este alumnado.

Este centro, ao igual que o resto dos centros radicados no concello de Betanzos non tiveron dende a súa construción ningunha reforma de mantemento importante máis alá das acometidas a nivel municipal e que serviron para “parchear” as continuas neglixencias da Consellería de Educación que, sendo coñecedora da situación, nada ten feito.

Neste centro podemos observar que a situación dos tellados é lamentable, con filtrado de humidades, cuberta de uralitas (con amianto), coas mesmas ventas dende a súa construción e, xa que logo, con mal illamento térmico.

Para o vindeiro curso 2022-2023 van ter adxudicado un bacharelato xeneralista tendo que reorganizar os recursos materiais e humanos existentes, é dicir, sen poder aproveitar as naves existentes polo seu deterioro e sen máis profesorado.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que as instalacións do IES As Mariñas de Betanzos son axeitadas para ofrecer unha educación de calidade?

2ª) Cales foron as obras acometidas neste centro por parte da Xunta de Galicia nos últimos vinte anos?

3ª) Cando vai acometer a Xunta de Galicia as obras necesarias para que o IES As Mariñas de Betanzos teña unhas instalacións axeitadas para poder ofertar unha educación de calidade?





Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/03/2022 17:06:00

Noelia Otero Lago na data 30/03/2022 17:06:17

Noa Susana Díaz Varela na data 30/03/2022 17:06:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de urxencias que se vén prestando no centro de saúde de Rianxo, a través do Punto de Atención Continuada (PAC), leva anos no punto de mira do goberno galego. De feito, pouco despois da chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza, foron os seus propios profesionais e o Concello de Rianxo os que tiveron que dirixirse ao SERGAS para esixir o mantemento dese servizo. Con todo, o PAC rianxeiro leva moito tempo nunha situación precaria, que se vén agravando nos últimos anos.

Esa situación de falta de medios e de profesionais, provocou, xa no ano 2019, antes da pandemia, que os traballadores e traballadoras do centro de saúde, acompañados de ducias de veciños e veciñas, se mobilizaran todas as semanas durante meses para facer patente as deficiencias do servizo e, sobre todo, para reclamar a ampliación do horario de urxencias, xa que o seu funcionamento só é pola noite, a partires das 22,00 h.

A situación é a seguinte: Non se dispón, polo tanto, de servizo de PAC durante a tarde. Na quenda de tarde prestan servizo no centro dous facultativos, dos tres que debería haber, xa que un causou baixa hai meses e aínda non foi substituído. Deste xeito, cada vez que xorde unha emerxencia, un dos dous debe atendela e incluso saír a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un domicilio ou participar no traslado en ambulancia do paciente ata o hospital Clínico de Santiago.

No verán, o persoal do centro recibe a máis pacientes e a moitas máis urxencias e todo isto viuse agravado durante a pandemia, onde á falta de persoal do propio centro houbo que engadir o peche do consultorio periférico de Taragoña que, aínda agora, permanece pechado. Así, unha medida que fora tomada de urxencia, converteuse en definitiva e, polo que parece, en irreversible. Un consultorio que no ano 2017, segundo os datos publicados na páxina da área sanitaria Santiago-Barbanza, levou a cabo en 2017 7.031 consultas de medicina xeral e 5.141 de enfermería.

No mes de outubro de 2021, os veciños e veciñas de Rianxo volvíanse concentrar ás portas do centro sanitario, para demandar á Consellaría de Sanidade que se cubriran as baixas do persoal. Feito que, de novo, foi desoído polos responsábeis políticos e que levou a que moitos pacientes acudan a urxencias, ao PAC, pola noite para ser atendidos.

A pasada semana foron entregadas case 4.000 sinaturas no Hospital da Barbanza, incidindo na vella reclamación, nunca atendida polo SERGAS, do funcionamento do PAC tamén pola tarde. Unha semana na que faltaban dous facultativos de mañá e dous de tarde e onde as demoras nas citas e na propia atención ás persoas que dispoñían delas foron aínda peores que habitualmente.

É evidente, que é preciso incrementar a dotación de médicos pola tarde e evitar o retraso nas consultas programadas e que é moi necesario estender o horario do PAC ás tardes, para que non sexa o persoal desa quenda o que teña que atender, ademais de aos seus pacientes, ás urxencias, ou deixalos sen atención por ter que desprazarse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, estamos diante dunha situación de deterioro na atención, dun empeoramento nas condicións laborais dos profesionais que teñen que soportar unha carga de traballo moi elevada e, en xeral, dun estado da atención primaria que aínda continúa sen normalizarse após a pandemia, sen dispoñer dos recursos necesarios, e do persoal suficiente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do funcionamento da atención primaria no concello de Rianxo?
- Vai levar a cabo de xeito inmediato a substitución do persoal que, polas circunstancias que sexa, se ausente do centro de saúde da localidade?
- Vai tomar en consideración a vella demanda do persoal, dos veciños e veciñas e do Concello e poñer en funcionamento o PAC no centro sanitario de Rianxo tamén polas tardes? De non ser así, por que razón?
- Cando vai proceder a Xunta de Galiza a restablecer o servizo médico e de enfermería que se viña prestando antes da pandemia no consultorio de Taragoña?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/03/2022 10:19:23

María Montserrat Prado Cores na data 31/03/2022 10:19:27

Rosana Pérez Fernández na data 31/03/2022 10:19:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o control na adxudicación de contratos administrativos ao Grupo Eulen.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción entendida tanto como unha depravación dos valores morais, como un mal uso pola autoridade das súas atribucións e dos dereitos que se lle confiren é unha práctica que debe ser obxecto dun compromiso decidido e firme, inexistente até o de agora, cara a súa erradicación e eliminación. Non abundan con plans que logo non se executan, con anuncios e palabras baleiras e que nunca van seguidas de verdadeiras actuacións destinadas á prevención e persecución do nepotismo, tráfico de influencias ou na concesión irregular de recursos públicos, xa sexa mediante a adxudicación de contratos, concesión de subvencións ou na celebración de convenios.

Ano tras ano as enquisas realizadas polo CIS evidencian que a corrupción política (*anticipándonos a externalización e derivación de responsabilidades - habitual no Partido Popular- indicar que segundo distintos estudos a corrupción na función pública no Estado é particularmente baixa*) figura entre as principais preocupacións da poboación. Un informe dun grupo parlamentar europeo fixaba en 90.000 € o custe anual da corrupción no estado español, cuantificación que o FMI rebaixaba ate os 60.000 € que representaban o 4,5% do PIB.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pagamento con recursos públicos de sobreprezos, a falla de control de calidade ou do cumprimento dos contratos, atenta contra a eficacia na xestión de recursos públicos, os fundamentos esenciais da democracia e a confianza da cidadanía no sistema, ao tempo que restrinxen as posibilidades de desenvolvemento económico e social do país.

A gravidade das consecuencias contrasta coa tolerancia e pasividade do Partido Popular, malia a existencia de numerosos e graves casos de corrupción que atinxen tanto ao financiamento de partidos políticos, como a Xefatura do Estado, como a 12 de 14 membros do goberno de D. José M^a Aznar, ou a ex Presidentes de Deputacións (Pontevedra e Ourense) condenados por sentenza penal firme por un delito de fraude e suborno no primeiro caso e prevaricación continuada no segundo

Nos últimos meses tanto medios de comunicación, como informes do máximo órgano externo de control económico financeiro recollían a adxudicación pola Deputación Provincial de Ourense de millóns de euros en contratos menores a empresas afíns, algo que a pesares das observacións do órgano externo de fiscalización reproducíuse nos seguintes exercicios. A contratación dun concello á empresa do propio alcalde – co apoio expreso do Presidente da Xunta de Galiza-, ou mesmo a adxudicación de decenas de millóns de euros en contratos públicos á empresa da que a propia irmá do Presidente da Xunta era apoderada son exemplo do resultado do sistema de selección de contratistas aplicado polo Partido Popular en Galiza.

Sirva como botón de mostra as 139 adxudicacións de contratos públicos outorgadas á empresa da que era apoderada a irmá do Sr. Núñez Feijoo dende que este é Presidente da Xunta de Galiza e cuxo importe anual triplicaba o das recibidas durante o período 2005-2009. Dunha media de 793.000 €/ano pasouse a un promedio de de 3,96 millóns de €/ano. Este exponencial incremento da adxudicación de contratos por parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Xunta de Galiza e entes instrumentais á empresa da que era apoderada da irmá de Núñez Feijoo non é a única “curiosidade” dos procedementos de contratación. Resulta *singular* que a empresa Eulen fose adxudicataria sen realizar a oferta economicamente máis vantaxosa, ou malia estar incurso en baixa temeraria ou que se limitase unha posible competencia ao non dividir en lotes o obxecto do contrato en lotes, como prescribe o art. 99 da LCSP. Estas singularidades nos procesos de adxudicación precisan dunha xustificación que non consta se realizase nos expedientes de contratación administrativa.

E por todo iso fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñecía o Goberno Galego a existencia dos numerosos e cuantiosos contratos nos que era licitadora e finalmente adxudicataria a empresa Eulen?

. Sabía o Goberno Galego se dona Micaela Núñez Feijoo era apoderada da empresa Eulen?

. Considera a Xunta de Galiza ordinario o incremento do contratos adxudicados ás empresas do grupo Eulen dende que Núñez Feijoo é Presidente da Xunta de Galiza?

. Cónstalle ao Goberno Galego se as empresas do grupo Eulen xustificaron as súas ofertas no caso de incorrer en baixas desproporcionadas?

. Cal é a razón pola que o Servizo Galego de Saúde dende o ano 2015 non dividiu en lotes os contratos para a vixilancia e seguridade dos seus centros?

. Considera o Goberno Galego suficientemente motivadas as adxudicacións de contratos adxudicados ao Grupo Eulen cando non realizaba a oferta economicamente máis vantaxosa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/03/2022 11:21:43

Iria Carreira Pazos na data 31/03/2022 11:21:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/03/2022 11:21:55



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos construído nos anos 70 é un dos que ten maior matrícula da comunidade leva anos agardando por unha urxente mellora e reforma integral do centro. Despois das obras de reforma executadas tan só nun dos bloques do colexio no que se actuou na adecuación de fachada, cambio de xanelas, pintado e mellora da iluminación, o outro bloque continúa a padecer serias deficiencias e precisando dunha mellora integral que non chega. O persoal docente e o alumnado padecen a diario as graves deficiencias derivadas da falta de illamento, filtracións, perdas térmicas e frío ou problemas de iluminación. As filtracións de auga son tamén unha constante no patio cuberto do colexio. Outra das problemáticas que presenta este edificio é a falta de espazo para as nenas e nenos que acoden a diario ao comedor escolar, tendo que habilitar espazo no salón de actos que se ten visto inutilizado.

A pesar de coñecer esta precaria situación que padece o persoal docente e o alumnado deste centro a Consellería de Educación segue amosando un enorme desleixo á hora de dar resposta as necesidades e as xustas demandas do Concello e da comunidade educativa.

O Concello de Betanzos vén de esixir o urxir as obras de acondicionamento do CEIP Vales Villamarín despois de anos de espera e continuas reivindicacións á Xunta. Mentres o goberno galego si intervéñ noutros centros menos antigos e con menor número de alumnos/as o Vales Villamarín segue agardando e padecendo unha situación a todas luces insostible.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os motivos para non atender e completar a necesaria reforma integral do CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos?
2. Considera a Consellería de Educación que as instalacións do CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos son axeitadas para ofrecer unha educación de calidade e en condicións dignas?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 31/03/2022 12:00:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/03/2022 12:00:34

Noa Susana Díaz Varela na data 31/03/2022 12:00:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a convocatoria de folga do persoal do CHUO para abril de 2022 e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para corrixir a situación límite que están a vivir.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de marzo a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense presentaba no Rexistro da Xunta unha convocatoria de folga pola incapacidade negociadora da Xerencia de Área, a falta de transparencia na información proporcionada así como o enquistamento de conflitos laborais con servizos sen visos de ser abordados por parte da Xunta de Galiza, como é o caso de medicina interna ou urxencias.

Así as cousas, un persoal en situación límite e que leva mobilizándose desde as primeiras semanas de xaneiro de 2022 todas as semanas, fixaban esta convocatoria para reivindicar:

- o mantemento dos dereitos adquiridos durante anos respecto dos permisos de libre disposición e vacacións.
- resolver o conflito laboral de Urxencias, despois da negativa da Xerencia a negociar ningún tipo de mellora neste colectivo, nin de organización nin de reforzo de persoal.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- resolver o conflito de Medicina Interna, previo á pandemia e intensificado coa covid-19, garantindo o incremento de persoal por ser imprescindible para unha atención de calidade.

- estabilidade na contratación.

A Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense, as organizacións sindicais e o colectivo de Enfermeiras en Loita estiveron concentrándose diante do centro e denunciando a través de diferentes comunicados a situación de sobrecarga e saturación nos últimos meses, con picos nos meses de setembro, decembro, xaneiro, febreiro e marzo.

Malia a mellora dos indicadores da pandemia da covid, os problemas mantéñense e, por exemplo, a presenza de doentes de urxencias en corredores que a Xunta de Galiza nega, é unha constante. Así mesmo, os problemas de Atención Primaria tamén se fan notar na atención hospitalaria.

Diante desta situación a Xunta de Galiza debe abandonar a súa soberbia e negociar co persoal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para negociar as demandas dos e das traballadoras do CHUO que os levaron a convocar folga no mes de abril de 2022?

- . Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar a recorrente saturación das urxencias hospitalarias de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . E a sobrecarga de medicina interna?
- . Por que rompe o SERGAS os acordos previos canto a libranzas e vacacións?
- . Aceptaría o goberno galego constituír unha mesa de negociación estable co persoal?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/03/2022 12:55:58

María Montserrat Prado Cores na data 31/03/2022 12:56:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/03/2022 12:56:12





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 31/03/2022 12:56:20



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En xaneiro de 2006 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron o Pacto local galego, pacto que contén unha serie de acordos entre os que se encontra a asunción dos custos económicos que soportan os concellos derivados do mantemento dos centros de educación primaria de Galicia.

Pasados máis de 16 anos dende a sinatura deste pacto, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos centros de educación primaria están pendentes de que a Xunta de Galicia asuma os seus custes de mantemento?

2ª) Cal é a previsión para este exercicio 2022?

3ª) Cal é o orzamento que actualmente dedica a Xunta de Galicia para asumir os custes de mantemento dos centros de educación primaria?

4ª) A Xunta de Galicia ten valorado o custe de mantemento dos centros de educación primaria que aínda están sendo sufragados polos concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/03/2022 18:26:47

Paloma Castro Rey na data 30/03/2022 18:27:23

Pablo Arangüena Fernández na data 30/03/2022 18:27:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Ministros do 1 de marzo aprobou o anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel, paso necesario para dar comezo ao trámite de audiencia e información pública, que está aberto até o 13 de abril de 2022.

Se ben a lei ten obxectivos teóricos cos que de maneira xenérica se pode estar dacordo (cumprimento dos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro e emisións contaminantes asociadas ao transporte, en liña cos acordos internacionais asinados polo Estado español), na aplicación concreta pode dar lugar a diferentes modelos e solucións.

Un dos elementos centrais da lei, no que ten a ver coa mobilidade, accesibilidade e xestión do espazo público nas zonas urbanas (especialmente nas cidades de máis de 50.000 habitantes) é a regulamentación das chamadas Zonas de Baixas Emisións, previstas no artigo 18 e na Disposición Adicional 7ª do anteproxecto, así como no artigo 14.3 da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética.

A entender do BNG, tanto o previsto na lei de cambio climático como na lei de mobilidade sostíbel responde a unha concepción penalizadora, discriminatoria e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afastada da realidade galega xa que basicamente prevé a restrición do acceso a determinados vehículos (os máis antigos e contaminantes) e a autorización de acceso para aqueles que teñan o carimbo “eco”. Ademais, prevé a posibilidade de establecer taxas que penalicen o acceso a determinados tipos de vehículos contaminantes.

Ademais do carácter inxusto e discriminatorio destas medidas, que na práctica poderían supoñer un salvoconduto de acceso a determinadas zonas da cidade en función da renda, a proposta supón unha distorsión da organización e xestión do espazo público e da mobilidade urbana. O obxectivo non debe ser restrinxir o acceso de vehículos tendo en conta a súa carga contaminante senón establecer en determinadas áreas da cidade restricións maiores de maneira que se garantan os dereitos das persoas a un espazo público seguro e accesíbel, que se respecte a nova xerarquía da mobilidade, que se prime a mobilidade activa (desprazamentos a pé e en bici) e o transporte público, e que se posibilite o acceso a residentes e servizos.

Porque de levarse a cabo as previsións da lei de cambio climático e do anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel, os centros das cidades poderían verse invadidos por vehículos moi “eco”, moi sustentábeis, moi smart (satisfacendo os intereses de determinados lobis)... o que derivaría nunha xestión caótica do espazo público e do criterio de prioridade para as persoas.

Desde o BNG consideramos que existe unha terceira vía. que se pode resumir en peonalización si, penalización non. Esta terceira vía existe na práctica na cidade de Pontevedra, é a coñecida como modelo Pontevedra: unha experiencia de transformación recoñecida internacionalmente e que conseguiu reducir as emisións nun 70%.

O modelo Pontevedra consiste en implantar zonas de baixas emisións reducindo os tráfico inncesarios para o funcionamento da cidade, fronte ao modelo que se recolle





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no borrador lexislativo que aposta pola penalización para implantar zonas de baixas emisións de CO2 nas cidades. Pagar ou pagar son as dúas alternativas: pagar por acceder a determinada zonas, ou pagar adquirindo un vehículo coa etiqueta eco.

Para o BNG constitúe unha temeridade e unha irresponsabilidade establecer medidas relacionadas coa renda nun contexto de grave crise económica e social. As medidas que recolle a proposta lexislativa supoñen unha carga para as persoas nun momento de crise que vai afectar tamén a moitas pequenas e medianas empresas que non poden renovar o seu parque automobilístico por vehículos eléctricos.

Ademais, a lei que tramita o goberno central é unha norma uniformizadora, que está pensada para grandes cidades como Madrid e Barcelona que soportan elevados índices de contaminación. Situación que mesmo motivou a apertura dun expediente sancionador da Unión Europea ao Estado español.

Por este motivo defendemos que a fórmula que xa se aplica con éxito en Pontevedra sexa unha alternativa que tamén se recolla na futura lei de mobilidade para a creación de zonas de baixas emisións, -que deben estar definidas en 2023-, a través da redución dos tráfico inncesarios para o funcionamento da cidade.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o goberno galego das medidas penalizadoras que prevé o anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel en relación coa regulamentación das zonas de baixas emisións nas cidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta presentar alegacións a este anteproxecto de lei para considerar outras alternativas como as do modelo Pontevedra?

. Considera o goberno galego a posibilidade de crear un grupo de traballo xunto coas cidades, as deputacións, representación de vilas de máis de 20.000 habitantes e a FEGAMP para definir grandes liñas estratéxicas e prioridades de actuación en materia de espazo público, mobilidade sostíbel, seguridade viaria, cohesión social e loita contra o cambio climático?

. Vai promover a Xunta a elaboración de Plans de Mobilidade Sostíbel por parte dos concellos, priorizando os de máis de 20.000 habitantes?

. Vai promover a xunta a elaboración e aprobación dunha lei galega de mobilidade sostíbel, adaptada á realidade do noso país e que non copie de xeito mimético realidades alleas?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 31/03/2022 17:17:43

Alexandra Fernández Gómez na data 31/03/2022 17:17:49

Xosé Luis Bará Torres na data 31/03/2022 17:17:58



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O glifosato, o herbicida de maior uso a nivel mundial, está considerado por diversas entidades científicas e mesmo pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como posible produto canceríxeno, ademais dos seus efectos nocivos constatados sobre o medio ambiente. Autorizado o seu uso pola UE ata decembro de 2022, os seus efectos están sendo revisados para decidir se continúa estando permitido dentro do ámbito da UE a partir de esa data. Varios países de Europa (Alemaña, Austria, Bélxica, República Checa, Dinamarca, Francia, Italia e Holanda) teñen restrinxido ou prohibido parcialmente o seu uso.

O *Defensor del Pueblo* constata no seu último informe anual (2021) que o glifosato segue a empregarse nas estradas galegas sen que se controle axeitadamente a súa aplicación. O Defensor considera que hai eivas tanto na xustificación do seu uso, como no aviso á poboación ou o seguimento dos seus efectos.

En resposta ao Defensor sobre o seu uso en Galicia, a Xunta sinalou que no caso de Galicia, “con núcleos dispersos e edificacións illadas, é frecuente e habitual o tránsito de viandantes e animais domésticos por estradas e camiños”, así como que o pastoreo chegue ao perímetro das redes viarias. “En casos así, a falta de avisos é especialmente reprochable”, di o Defensor.

O informe di que “ningunha das administracións consultadas, tampouco a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Galicia, achegou datos de seguimento de posibles danos”. Tamén di que o servizo de sanidade e produción vexetal da Consellería do Medio Rural “afirma recibir denuncias habitualmente de gandeiros por intoxicacións do gando ou de viandantes por animais de compañía que inxiren ou entran en contacto con vexetación tratada”, pero engade que “o dito servizo limitouse a alegar a dificultade de realizar a investigación e de valorar os efectos, ao non existir no momento do tratamento químico algún inspector ou axente da autoridade”. “De aquí dedúcese que a Consellería do Medio Rural non formalizou as correspondentes denuncias nin as oportunas comunicacións ante os órganos estatais, de maneira que o sistema de seguimento previsto nas normas non funcionou”. Considera o Defensor que



precisamente polas dificultades para poder controlar o uso e efectos do glifosato debería aplicarse “aplicar proporcionalmente o principio de precaución” no seu uso e limitalo ao imprescindible.

Xa no ano 2020 a asociación Ecoloxistas en Acción denunciou a través dun comunicado que as augas superficiais dos nosos ríos están “altamente contaminadas por glifoxatos”. Dos 116 mostreos de glifosato realizados naquel momento na Demarcación Galicia Costa, o 69,9 % deron positivo, “nalgúns casos con niveis de concentración por enriba de 0,1mg, valor límite establecido como referencia”. Isto contrasta co nivel do 31 % de media nas augas superficiais do Estado, segundo datos dos organismos de conca recompilados pola organización ecoloxista en 2021, o cal permitiría deducir que Galicia ten unha especial incidencia desta sustancia.

Cabe destacar que a principal comercializadora deste herbicida é a multinacional Monsanto, que foi condenada en 2019 por un tribunal de California a pagarlle 2.000 millóns de dólares a unha parella de anciáns por causarlles un cancro, que posteriormente chegou a un acordo por importe de 10.900 millóns de dólares para evitar preitos neste país polo que se litiga actualmente nos tribunais de México contra a prohibición da sustancia nese país, apoiada en todo o mundo por unha lexión de avogados, investigadores e *lobbistas* que defenden a inocuidade do herbicida.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É consciente o Goberno de Galicia de que unha sustancia probablemente canceríxena e con efectos nocivos demostrados sobre o medio ambiente como é o glifosato está a usarse sen control en Galicia?

2ª) Ten datos a Administración autonómica galega respecto dese uso?

3ª) Ten datos a Administración autonómica galega respecto do nivel de glifosatos nas nosas augas superficiais e acuíferos?

4ª) Recibiu a Administración autonómica galega denuncias por danos causados polo uso do glifosato en Galicia?

5ª) Ten previsto a Administración autonómica galega analizar o uso e impacto do glifosato en Galicia?





Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 31/03/2022 12:27:44

Paloma Castro Rey na data 31/03/2022 12:27:58



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A invasión de Rusia sobre Ucraína, ademais de ter provocado unha catástrofe humanitaria con milleiros de civís falecidos e millóns de persoas desprazadas, vén de provocar unha alteración nas economías da Unión Europea que ten o seu traslado inmediato no incremento dos prezos de combustibles e materias primas, afectando tamén dun xeito moi forte ás empresas de transporte por estrada de viaxeiros e de mercadorías.

Este novo escenario económico require do compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que está a padecer o sector do transporte por estrada de viaxeiros e de mercadorías na nosa comunidade autónoma.

Ante esta situación estamos a ver a falla de iniciativa do Goberno galego para axudar aos galegos e galegas, e aos seus sectores económicos. Non está a habilitar axudas para os sectores máis prexudicados pola suba indiscriminada dos prezos dos combustibles. Pola contra, o Goberno do Estado vén de aprobar un plan de resposta ao impacto económico e social xerado pola guerra, que entre outras, contempla medidas concretas para o sector do transporte.

Estamos agardando que a Xunta de Galicia adopte algunha medida neste senso e habilite axudas cos fondos que está a recibir polo imposto especial de hidrocarburos, para os sectores afectados e a poboación en xeral.

Non podemos pasar por alto, que a pesar das desafortunadas declaracións do presidente da Xunta de Galicia, a realidade é que o 58 % da recadación do imposto sobre hidrocarburos é transferido á Xunta de Galicia. Isto supuxo para a Xunta de Galicia, no ano 2021, uns ingresos de 557 millóns de euros. Polo tanto, a Xunta de Galicia podería destinar o 50 % da recadación cedida dos combustibles en bonificar o gasóleo ás 9.700 empresas de transporte de pasaxeiros e mercadorías por estrada que hai en Galicia. Deste xeito cada empresa recibiría unha media de 36.000 litros de gasóleo bonificado á metade de prezo durante o ano 2022.



Polo tanto, entendemos que a Xunta de Galicia debe de habilitar estas axudas a través dunha convocatoria urxente a través dunha fórmula de prepago aos transportistas que podería ser desbloqueada nun prazo de 7-48 horas.

Trátase dunha medida xusta e que pode ser transcendente se se fai rápido, e que podería axudar a aliviar de forma importante a carga fiscal para cada transportista.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Pensa a Xunta de Galicia habilitar unha liña de axudas para as empresas galegas de transporte por estrada de viaxeiros e mercadorías, que lles axude a aliviar a forte carga fiscal que están a sufrir?

2ª. Non cre a Xunta de Galicia que ten marxe para establecer esta liña de axudas coa cantidade que o Estado lle transfere consonte ao recadado polo imposto sobre hidrocarburos?

3ª. Ten pensado a Xunta de Galicia destinar o 50 % do recadado por combustible que lle transfere o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 31/03/2022 16:26:54

Juan Carlos Francisco Rivera na data 31/03/2022 16:27:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as accións a realizar pola Xunta de Galiza para adquirir a escultura “A Santa” de Francisco Asorey.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O escultor cambadés Francisco Asorey é un dos grandes artistas galegos do século XX. Dotado dunha grande diversidade creativa, ao longo da súa traxectoria artística enlazou a tradición material e formal con elementos dos movementos artísticos das vangardas da súa época. Na súa obra podemos atopar expresións e pegadas do postimpresionismo, o expresionismo, o postcubismo..., pero o máis persoal da mesma é a mestura entre o realismo primitivo (con fondas raíces na arte románica e barroco) e o expresionismo humanista, do que xurdiron as súas obras máis representativas, nas que captou e expresou, coma ninguén, a imaxe e o sentimento da Galiza do seu tempo. Foi quen de captar a esencia da galegitude e transportala fóra das nosas fronteiras.

Dentro da obra do escultor cambadés destaca a escultura titulada “A Santa”, considerada unha das máis destacadas e emblemáticas do autor e das máis significativas da escultura galega do século XX.

Unha obra presentada en 1926 en Madrid na Exposición Nacional de Belas Artes. En algunha da prensa que se fixo eco da exposición a peza foi cualificada dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realismo cru e brutal, e dunha orixinalidade, atrevemento e beleza que só un artista de excepcionais facultades pode concibir e executar.

É unha obra dun valor artístico e simbólico de primeira magnitude, exemplo do expresionismo do autor. Unha peza de case dous metros de altura, realizada en madeira policromada, considerada de auténtica vangarda no seu momento, xa que a principios do século XX rompe os códigos estéticos femininos imperantes na época, ao representar a imaxe dunha muller galega, labrega, espida e cargando cun xugo de carro. Una metáfora de Galiza, una imaxe realista, feminina, sen artificios, que carga co peso da vida e do traballo, mais con serenidade, enteireza e dignidade.

A forza e transgresión desta escultura, da que o propio Asorey nunha entrevista concedida en 1956, dixo que era a escultura da que se sentía máis satisfeito, está totalmente vixente.

A Santa foi adquirida en 1951 pola Casa de Galiza de Montevideo, un dos principais centros da emigración galega a aquela altura, para colocar na súa sede principal.

Esta entidade está nunha difícil situación, intervida, inmersa nun concurso de acredores a causa do volume de débeda acumulada. Segundo a información de que dispoñemos a Administración concursal de Uruguai está facendo valoración da débeda e inventario das posesións das que dispón para facer fronte á mesma, e que este proceso rematará no mes de maio.

Existe moita preocupación porque entre as posesión da Casa de Galiza de Montevideo que se están inventariando está a escultura “A Santa” de Francisco Asorey, que podería rematar subastada e en mans particulares. Faise polo tanto preciso que por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte da Xunta de Galiza se actúe, realice os máximos esforzos, para preservar esta obra de tanta relevancia e significado, adquiríndoa para o patrimonio público de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten realizado a Xunta de Galiza algunha actuacións para adquirir a obra “ A Santa” do escultor cambadés Francisco Asorey, en risco de ser subastada para pagar a débeda da Casa de Galiza en Montevideo, que é a súa actual propietaria?

De ser así cales foron e o resultado das mesmas?

Vai adicar todo o esforzo que require a relevancia da obra para adquirila para o patrimonio público de Galiza?

Vai realizar actuacións igualmente para o resto do patrimonio de autores galegos nas mesmas circunstancias na Casa de Galiza en Montevideo?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:


María Montserrat Prado Cores na data 31/03/2022 17:48:32

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 31/03/2022 17:48:35

Daniel Castro García na data 31/03/2022 17:48:44

Mercedes Queixas Zas na data 31/03/2022 17:48:51





De: Comisión Mixta para la Unión Europea <cmue@congreso.es>

Enviado el: viernes, 1 de abril de 2022 9:11

Asunto: Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2022) 143] (mensaje 1/2)

Asunto: Propuesta de DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO que modifica las Directivas 2005/29/CE y 2011/83/UE en lo que respecta al empoderamiento de los consumidores para la transición ecológica mediante una mejor protección contra las prácticas desleales y una mejor información (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM(2022) 143 final] [COM(2022) 143 final anexo] [2022/0092 (COD)] {SEC(2022) 166 final} {SWD(2022) 85 final} {SWD(2022) 86 final}

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA





COMISIÓN
EUROPEA

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

01 ABR. 2022

Núm. 33296

Bruselas, 30.3.2022
COM(2022) 143 final

2022/0092 (COD)

Propuesta de

DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

**que modifica las Directivas 2005/29/CE y 2011/83/UE en lo que respecta al
empoderamiento de los consumidores para la transición ecológica mediante una mejor
protección contra las prácticas desleales y una mejor información**

(Texto pertinente a efectos del EEE)

{SEC(2022) 166 final} - {SWD(2022) 85 final} - {SWD(2022) 86 final}

ES

ES



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

1.1. Razones y objetivos de la propuesta

El Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea (artículos 114 y 169 del TFUE) y la Carta de los Derechos Fundamentales (artículo 38) exigen un alto nivel de protección de los consumidores en la Unión. La legislación de la UE en materia de protección de los consumidores también contribuye al correcto funcionamiento del mercado único. Su objetivo es hacer que las relaciones entre las empresas y los consumidores sean equitativas y transparentes, y apoyar, en última instancia, el bienestar de los consumidores europeos y la economía de la UE.

La presente propuesta tiene por objeto mejorar los derechos de los consumidores mediante la modificación de dos directivas que protegen los intereses de los consumidores a escala de la Unión: la Directiva 2005/29/CE relativa a las prácticas comerciales desleales¹ y la Directiva 2011/83/UE sobre los derechos de los consumidores². Más concretamente, la propuesta pretende contribuir a una economía de la UE circular, limpia y ecológica, al hacer posible que los consumidores tomen decisiones de compra con conocimiento de causa y contribuyan así a un consumo más sostenible. Aborda también las prácticas comerciales desleales que inducen a error a los consumidores y los alejan de las opciones de consumo sostenible. Además, garantiza una aplicación mejor y más coherente de las normas de la UE en materia de protección de los consumidores.

La propuesta fue una de las iniciativas presentadas en la Nueva Agenda del Consumidor³ y el Plan de Acción para la Economía Circular⁴ y da seguimiento al Pacto Verde Europeo⁵. Empoderar a los consumidores y brindarles oportunidades de ahorro es una de las piezas clave del marco para una política de productos sostenibles. Esto se logrará mediante una mayor participación de los consumidores en la economía circular, en particular, facilitando a los consumidores mejor información sobre la durabilidad y la reparabilidad de determinados productos antes de celebrar el contrato y reforzando la protección de los consumidores frente a las prácticas comerciales desleales que impiden las compras sostenibles, tales como:

- las prácticas de blanqueo ecológico (es decir, las alegaciones medioambientales engañosas),

¹ Directiva 2005/29/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 11 de mayo de 2005, relativa a las prácticas comerciales desleales de las empresas en sus relaciones con los consumidores en el mercado interior, que modifica la Directiva 84/450/CEE del Consejo, las Directivas 97/7/CE, 98/27/CE y 2002/65/CE del Parlamento Europeo y del Consejo y el Reglamento (CE) n.º 2006/2004 del Parlamento Europeo y del Consejo (DO L 149 de 11.6.2005, p. 22).

² Directiva 2011/83/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 25 de octubre de 2011, sobre los derechos de los consumidores, por la que se modifican la Directiva 93/13/CEE del Consejo y la Directiva 1999/44/CE del Parlamento Europeo y del Consejo y se derogan la Directiva 85/577/CEE del Consejo y la Directiva 97/7/CE del Parlamento Europeo y del Consejo (DO L 304 de 22.11.2011, p. 64).

³ COM(2020) 696 final de 13 de noviembre de 2020.

⁴ COM(2020) 98 final de 11 de marzo de 2020.

⁵ COM(2019) 640 final de 11 de diciembre de 2019.



- las prácticas de obsolescencia temprana (es decir, los fallos prematuros de los bienes), y
- el uso de etiquetas de sostenibilidad y herramientas de información poco fiables y poco transparentes.

Más concretamente, la propuesta tiene por objeto:

- Facilitar información sobre la existencia y la duración de la garantía comercial de durabilidad del productor para todos los tipos de bienes, o sobre la ausencia de tal garantía en el caso de los bienes que consumen energía.
- Facilitar información sobre la disponibilidad de actualizaciones gratuitas de los programas informáticos para todos los bienes con elementos digitales, contenidos digitales y servicios digitales.
- Facilitar información sobre la reparabilidad de los productos, mediante una puntuación de reparabilidad u otra información pertinente sobre la reparación, cuando esté disponible, para todos los tipos de bienes.
- Garantizar que los comerciantes no induzcan a error a los consumidores sobre las repercusiones medioambientales y sociales, la durabilidad y la reparabilidad de los productos.
- Garantizar que un comerciante solo pueda hacer una alegación medioambiental relacionada con el rendimiento medioambiental futuro cuando ello implique compromisos claros.
- Garantizar que un comerciante no pueda anunciar beneficios para los consumidores que se consideren una práctica habitual en el mercado pertinente.
- Garantizar que un comerciante solo pueda comparar productos, incluso a través de una herramienta de información sobre la sostenibilidad, si facilita información sobre el método de comparación, los productos y proveedores cubiertos y las medidas para mantener la información actualizada.
- La prohibición de exhibir una etiqueta de sostenibilidad que no se base en un sistema de certificación o no esté establecida por las autoridades públicas.
- La prohibición de las alegaciones medioambientales genéricas utilizadas en la mercadotecnia dirigida a los consumidores, cuando el comportamiento medioambiental excelente del producto o del comerciante no pueda demostrarse de conformidad con el Reglamento (CE) n.º 66/2010 (etiqueta ecológica de la UE), los sistemas de etiquetado ecológico reconocidos oficialmente en los Estados miembros u otra legislación de la Unión aplicable, según corresponda a la alegación.
- La prohibición de hacer una alegación medioambiental sobre todo el producto, cuando en realidad solo se refiera a un determinado aspecto de él.



- La prohibición de presentar requisitos impuestos por la legislación a todos los productos de la categoría de productos pertinente en el mercado de la Unión como una característica distintiva de la oferta del comerciante.
- La prohibición de determinadas prácticas relacionadas con la obsolescencia temprana de los bienes.

Estas medidas son necesarias para actualizar la legislación vigente en materia de protección de los consumidores a fin de garantizar que los consumidores estén protegidos y puedan contribuir activamente a la transición ecológica. Actualmente, la Directiva sobre los derechos de los consumidores exige a los comerciantes que faciliten a los consumidores información sobre las principales características de los bienes o servicios. Incluye requisitos específicos de información sobre la existencia de la garantía legal de conformidad, así como garantías comerciales adicionales. Sin embargo, dado que no existe la obligación de facilitar información sobre la ausencia de garantías comerciales de durabilidad, la Directiva no incentiva suficientemente a los productores para que ofrezcan tales garantías a los consumidores. Los estudios muestran que, cuando los productos de consumo se ofrecen con una garantía comercial, la información sobre dicha garantía comercial y la forma en que se cobra a los consumidores es a menudo confusa, imprecisa o incompleta, lo que dificulta que los consumidores comparen entre productos y distingan esta garantía comercial de la garantía legal (obligatoria)⁶. La presente propuesta abordará esta cuestión garantizando que se facilite a los consumidores información sobre la existencia de una garantía comercial de durabilidad por un período superior a dos años, que cubra la totalidad del bien, siempre que el productor proporcione tal información.

Además, la Directiva no incluye requisitos específicos de facilitar información a los consumidores sobre la reparabilidad de los bienes. Por el contrario, solo exige que, «cuando proceda», se facilite información sobre los «servicios posventa». Esta información, que contribuiría a promover la reparación de los bienes y sería, por tanto, especialmente valiosa para ayudar a los consumidores a contribuir a una economía circular, rara vez se encuentra en el punto de venta. Estudios recientes muestran que hasta el 80 % de los consumidores de la UE afirma tener dificultades para encontrar información sobre la facilidad de reparación de un producto⁷.

Las normas generales sobre las prácticas engañosas de la Directiva sobre prácticas comerciales desleales pueden aplicarse a las prácticas de blanqueo ecológico cuando afecten negativamente a los consumidores, efectuando una evaluación caso por caso. Sin embargo, ni la Directiva ni su anexo I (la lista negra) incluyen normas específicas que definan tales prácticas como desleales en todas las circunstancias. El reciente cribado de sitios web llevado a cabo por las autoridades de la Red de Cooperación en materia de Protección de los Consumidores para detectar alegaciones medioambientales engañosas confirmó la necesidad

⁶ Comisión Europea, *Consumer market study on the functioning of legal and commercial guarantees for consumers in the EU* («Estudio del mercado de consumo sobre el funcionamiento de las garantías legales y comerciales para los consumidores en la UE», documento no disponible en español), 2015. Comisión Europea, estudio justificativo de la evaluación de impacto: *Study on Empowering Consumers Towards the Green Transition* («Estudio sobre el empoderamiento de los consumidores para la transición ecológica», documento no disponible en español), julio de 2021. *Commercial warranties: are they worth the money?* («Garantías comerciales: ¿merece la pena pagarlas?», documento no disponible en español) Red CEC, abril de 2019.

⁷ Comisión Europea, *Behavioural Study on Consumers' engagement in the circular economy* («Estudio conductual sobre la participación de los consumidores en la economía circular», documento no disponible en español), 2018, p. 81.



